

cultura

O público da Semana de Cine escolle 'Chinas', 'Udra' e 'Pequeño'. **Páx. 8**

zona rural

Os veciños de Castelo denuncian a inseguridade da estrada. **Páx. 12**

sociedade

Adxudicado o contrato do primeiro cemiterio galego de mascotas. **Páx. 14**

economía

A actualización das taxas afectará aos recibos do IBI e da auga. **Páx. 18**

infraestruturas

O novo auditorio de Magoi abrirá as súas portas polo Nadal. **Páx. 20**

A cidade vístese de tradición co San Froilán



Recoñecemento turístico para o Arde Lucus

Recolleron o diploma que recibiu como Festa de Interese Turístico Internacional. **Páx. 9**

Arrancan as obras da Intermodal

O proxecto enmárcase nun convenio entre a Xunta, Adif e o Concello por máis de 49 millóns. **Páx. 21**

A Deputación pide melloras na educación

O Pleno aprobou unha moción na que reclama á Xunta que resolva a falta de profesorado. **Páx. 29**

Oratoria



Entrevista a Óscar Rodríguez, finalista no campionato do mundo. **Páx. 10**

Veciños de Ombreiro



O colectivo veciñal leva case catro décadas dinamizando a parroquia. **Páx. 13**

Aspace Lugo



Cumpre 30 anos con máis dunha trintena de usuarios da provincia. **Páx. 16**

**SERVICIOS FISCALES - SERVICIOS JURÍDICOS
CONTABILIDAD - LABORAL**

MS | FISCAL - LABORAL - CONTABLE
MATEO y SANCHEZ
asesores

**¿PAGAS MUCHOS IMPUESTOS?
CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO**

Si crees que estás pagando demasiado, estudiaremos de forma personalizada tu caso y te sorprenderá lo que se puede llegar a optimizar tu factura fiscal para que así puedas centrarte en lo importante **TU NEGOCIO.**

Ronda da Muralla 9-10 1º B Edificio Lamas 27001 Lugo
Tel · 982 253 890
· 659 881 585
mail · administracion@mateoysanchez.es

A FONDO

Lugo arranca o San Froilán

O programa inclúe uns 50 concertos e 90 actividades de rúa, 15 delas exclusivas para os pequenos

Rubén Arroxo, tenente alcalde de Lugo, xunto a Maite Ferreiro, concelleira de Cultura, e Iria Castro, deputada de Cultura, presentaron o programa do San Froilán 2024, que se celebrará do 4 ao 12 de outubro. O evento contará con preto de 200 actividades, das cales máis da metade serán musicais, destacando a participación de máis de 50 agrupacións locais. Ferreiro destacou o protagonismo da cultura tradicional galega, con actividades consolidadas como o desfile do traxe tradicional, o XXII Festival de Música Tradicional de Cántigas e Frores e a XXVI Mostra de Música Tradicional Galega.

As familias tamén poderán gozar de 15 actividades exclusivas dentro do San Froilán Miúdo, mentres que a programación inclúe máis de 50 concertos e preto de 90 actividades

de rúa. Entre os concertos principais, destacan Coque Malla (11 de outubro), Paula Matheus (12 de outubro) e Milladoiro, que celebrará o seu 45 aniversario o 12 de outubro. Iria Castro subliñou o compromiso da Deputación de Lugo coas festas, que apoia con 150.000 euros, pero criticou a escasa colaboración da Xunta de Galicia, que só achegou 25.000 euros. Maite Ferreiro tamén cuestionou o desinterese da Xunta, destacando que "investiron máis de 2 millóns de euros no Son do Camiño, mentres que ao San Froilán só lle destinan un 0,86 % dese orzamento". As festas de San Froilán consolidan o seu papel como unha das citas culturais máis importantes de Lugo e de Galicia, atraendo tanto a veciños como visitantes cunha oferta diversa e de calidade.



OS CONCERTOS

VENRES 4. 22.00h: Fillas de Cassandra. Horta do Seminario. 23.00h: Triángulo de Amor Bizarro. Santa María. 00.30 Festicultores. Santa María.

SÁBADO 5. 21.00h: Renaldo & Clara. Santa María.

DOMINGO 6. 22.00h. Sés. Horta do Seminario.

LUNS 7. 21.00h: La Perra Blanco e Club del Río.

MARTES 8. 21.00h. María Rodés. Praza de Santa María.

MÉRCORES 9. 21h. Fetén Fetén. Santa María.

XOVES 10. 21.00h. Pedro Pastor. Praza de Santamaría.

VENRES 11. 21.00h. Reption. Santa María. 22.00 horas. Coque Malla. Horta do Seminario. 23.00h. Zetak Santa María.

SÁBADO 12. 22.00h. Milladoiro. Horta do Seminario. 23.00h. Mondra. Santa María.

O programa festivo

VENRES 4

- 10.00 h.** III **Feira de Olería** Lugo Tradicional. Praza Santo Domingo
- 17.00 h.** VIII **ESPAZO HIP HOP** con batalla de galos e GUFÍ + LA NASA + DOMINGUEZ FLACO + SOSAD.97, na praza da Mosqueira
- 18.00 h.** XII **Desfile de Gando** tradicional. Percorrido: tramo peonil da ronda da Muralla, praza da Constitución, Campo Castelo, praza Maior e Bispo Aguirre. Coa actuación de A Volta do Agro.
- 20.00 h.** **Pregón** a cargo de LUZ DARRIBA. Balcón da Casa do Concello.
- 20.30 h.** **Os Pelúdez entre nós** + Xigantes e Cabezudos + A volta do agro no pregón, na praza Maior e

Campo Castelo.

- 21.00 h.** **Pasarrúas** de Cántigas e frores pola Tinería, rúa Nova e praza da Soidade.
- 21.00 h.** Concerto da **BANDA FILHARMÓNICA**. Praza Santa María.
- 22.00 h.** Concerto **FILLAS DE CASSANDRA** na Horta do Seminario. Ás 21.00h Teloneiros: Verter GZ.
- 23.00 h.** Concerto de **LA PERRA BLANCO** na praza Santa María.
- 00.30 h.** **FESTICULTORES** na praza Santa María.

SÁBADO 5

- 10.00 h.** III **Feira de Olería** Lugo Tradicional (FOLT) na praza Santo Domingo (fronte á Praza de Abastos)

- 10.00 h.** **OKTOBERINK** organizado pola Asociación Galega de Arte Corporal
- 10.00 h.** XXXI **Feira do Mel** na praza da Soidade.
- 11.00 h.** **EXPOLUGO**. Exposición de razas autóctonas na carpa xunto ao Vello Cárcere.
- 11.00 h.** **Recepción oficial** á Corporación do Concello de Ferrol no salón de plenos na Casa do Concello.
- 11.00 h.** **San Froilán Tecedeiro** no parque Rosalía de Castro. Mostra artesanal e obradoiro de construción de varias pezas artísticas con materiais autóctonos
- 11.00 h.** **Feira de antigüidades** e colecciónismo na rúa da Raiña.
- 12.00 h.** Obradoiro de **Globoflexia**

na Feira do Mel.

- 12.00 h.** **Ofrenda** da Corporación municipal a San Froilán, na Catedral de Lugo.
- 12.00 h.** **Pasarrúas** de Falso Teito por Albeiros e As Gándaras.
- 12.30 h.** **Cata de mel** na Feira do Mel.
- 12.30 h.** **Os Pelúdez** entre nós pola praza Maior e o recinto feiral.
- 12.30 h.** Actuación de **Cantareiras D'Xanares** na praza da Soidade.
- 12.30 h.** **ACROCIRCUS** da Fundación Tchyminigagua, na praza de Augas Férreas.
- 13.00 h.** XXI **FESTIVAL DE CULTURA TRADICIONAL** coas actuacións da Asociación Cultural Cántigas e Frores e a Asociación Cultural Donaire

na praza de Santa María.

- 13.00 h.** O **SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO** coa actuación do **mago David Méndez** na praza Agro do Rolo.
- 13.00 h.** 3º **ENCUNTRO DE BANDAS** coas actuacións de; Banda Filharmónica de Lugo + Banda de Vilalba na praza da Mosqueira.
- 13.00 h.** **Pasarrúas** de Os Picurruchos pola praza Mártires de Carral, rúas Dinán e San Roque ata Montirón.
- 13.00 h.** **Cabezudos** + Caivanca polo Campo Castelo e praza Maior.
- 13.30 h.** Concerto de **Beach Avenue** no marco do OKTOBERINK
- 17.00 h.** **San Froilán Tecedeiro** no parque Rosalía de Castro. Mostra

	UNIVERSIDAD Grado en:		ABAU (Antigua selectividad) BAC - E.S.O. ACCESO CICLOS	
	ROBÓTICA Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	ENX. AGRÍCOLA ENX. FORESTAL Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	ENXEÑARÍA CIVIL Matemáticas I, II y III Estadística Física I y II	Matemáticas - Física Química - Lengua Gallego - Inglés Historia - Filosofía Biología - Geología Geografía Historia del Arte
	BIOQUÍMICA Matemáticas Física Química general e inorgánica Química - Física I Bioestadística	ENX. PROCESOS QUÍMICOS IND. Matemáticas I y II Física I y II Métodos Estadísticos	PROFESORADO ESPECIALIZADO PARA CADA MATERIA	
C/ Dr. Fleming, 8 - Tel.: 982 81 56 22		jmrivas.es		

ALTO PORCENTAJE DE APROBADOS
 ATENCIÓN PERSONALIZADA
 GRUPOS REDUCIDOS
 Preparación específica para subir nota en ABAY



artesanal e obradoiro de construción de varias pezas artísticas con materiais autóctonos

- **17.00 h.** **ACROCIRCUS** da Fundación Tchyminigagua, na praza de Augas Férreas.
- **17.00 h.** **Exhibición baile Gravity** no marco do OKTOBERINK
- **18.00 h.** Concerto **La Indigible** no marco do OKTOBERINK
- **18.00 h.** O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO coa actuación do **mago David Méndez** na praza Agro do Rolo
- **18.00 h.** **Verbena galega d'antes.** Obradoiro de bailes de verbena
- **18.45 h.** **Comezo da verbena** coa actuación de Airiños da Freba e bailador@s de Oxeito.
- **19.00 h.** **Pasarrúas** de Arrincadeira Folk por Recatelo, Puro Cora, Vila de Foz e recinto feiral.
- **19.00 h.** **Pasarrúas** de Nubeiro pola praza Mártires de Carral, San Pedro, Progreso, San Marcos e Rúa Nova.
- **21.00 h.** Concerto de **RENALDO & CLARA** na praza Santa María.
- **21.30 h.** V **ELECTRONIC LUCUS FEST** coas actuacións de DJ Frisco & Marcos Peón, Hugo Leivas, Manu Chady e Popy García na praza da Mosqueira.

- **22.00 h.** Concerto de **DOLLAR SEL-MOUNI** na praza Horta do Seminario. Ás 21.00h Teloneiros: Sudak's & Kali la negra.

- **23.00 h.** Verbena coa orquestra **ES-CAPARATE** na praza Maior.

- **23.00 h.** Concerto de **ARTISTAS DEL GREMIO** na praza Santa María.

- **00.30 h.** **FESTICULTORES** na praza Santa María.

DOMINGO 6

- **10.00 h.** III **Feira de Olería** Lugo Tradicional (FOLT) na praza Santo Domingo

- **10.00 h.** **OKTOBERINK** organizado pola Asociación Galega de Arte Corporal. Ás 11.00h sesión DJ, ás 13.30 Concerto Nacarúh, ás 17h exhibición baile Gravity, ás 18 h concerto Sin Trom ni Son.

- **10.00 h.** XXXI **Feira do Mel.** Cata de mel ás 12.30h e Obradoiro de Velas das 12h ás 14h.

- **11.00 h.** **EXPOLUGO.** Exposición de razas autóctonas da Galicia

- **11.00 h.** **San Froilán Tecedeiro** no parque Rosalía de Castro. Mostra artesanal e obradoiro de construción de varias pezas artísticas con materiais autóctonos

- **11.00 h.** 52ª Edición do **Desfile do traxe galego** na praza Maior.

- **11.30 h.** XXV **Mostra de Música Tradicional** Galega do Domingo das Mozas, con Gaiteir@s Galeg@s, recinto histórico.

- **12.00 h.** **Ofrenda floral** a Rosalía de Castro por parte de Marga Portomeñe e Ana Carreira no Parque de Rosalía de Castro coa actuación musical do Coro de Cántigas e Frores.

- **12.30 h.** **Pasarrúas** de A volta do agro polo barrio da ponte.

- **12.30 h.** **Pasarrúas** de Trastiños do Castelo pola Avenida Adolfo Suárez e o Sagrado Corazón.

- **13.00 h.** **Cabezudos** polo Campo Castelo e praza Maior.

- **13.00 h.** O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO coa actuación de O **Mago Antón** na praza de Augas Férreas.

- **17.00 h.** **San Froilán Tecedeiro** no parque Rosalía de Castro. Mostra artesanal e obradoiro de construción de varias pezas artísticas con materiais autóctonos

- **17.30 h.** **Os Pelúdez** no Cemiterio San Froilán. Visita guiada polo cemiterio da man de Os Pelúdez

- **18.00 h.** O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO coa actuación do

Mago Antón na praza de Augas Férreas.

- **18.30 h.** Concerto de **CARAPPAUS** na praza Santa María.

- **19.30 h.** **Pasarrúas** de Foliada de Bosende pola Avenida da Coruña (desde a Medusa), praza Viana do Castelo e praza do Agro do Rolo.

- **19.30 h.** Os Pelúdez entre nós pola praza Maior e o recinto histórico.

- **20.00 h.** Concerto de **BELEM TAJES** na praza da Mosqueira.

- **20.00 h.** **Pasarrúas** de **Reviravolta** polo Campo Castelo, rúa San Pedro, Raíña e praza Santo Domingo.

- **20.00 h.** Concerto de **OS MELI-DAOS** na praza Santa María.

- **22.00 h.** Concerto de **SÉS** na praza Horta do Seminario. Ás 21.00h Teloneiros: Filophólicas.

LUNS 7

- **12.00 h.** **Pasarrúas** de Foliada de Bosende polas rúas Progreso, Raíña, San Marcos, praza de Ferrol, Campo Castelo, San Pedro e Mártires de Carral.

- **18.00 h.** Verbena coa orquestra **STEREO** na praza Maior.

- **20.00 h.** Concerto de **Mr. Hathaway** na praza da Mosqueira.

- **20.00 h.** **Pasarrúas** de Reviravolta polo recinto histórico, rúa Nova e Tinería.

- **21.00 h.** Concerto de **CLUB DEL RÍO** na praza de Santa María. Ás 20.00h Teloneiros: Nebra.

- **21.30 h.** Concerto de **Beach Avenue** na praza da Mosqueira.

MARTES 8

- **12.30 h.** **Pasarrúas** de Nubeiro pola rúa Quiroga Ballesteros, praza Santo Domingo, praza Soidade, Praza de Abastos e Mercado Municipal.

- **19.00 h.** **Presentación** do número 21 da Colección San Froilán dos

Devanceiros: Pelúdez. O libro II de Xose de Cora, no Centro Cultural Vello Cárcere.

- **19.00 h.** **Pasarrúas** de Estoupacaldeiros pola praza de Augas Férreas, Estrada da Granxa, Campos Novos, Afonso X, Avenida de Magoi e Acea de Olga.

- **20.00 h.** Concerto de **NAHUAL** na praza da Mosqueira.

- **20.00 h.** **Pasarrúas** de Son de Lugh pola Ronda das Fontiñas e Montirón.

- **20.30 h.** Actuación da **TAMBUKDA** polo recinto histórico, zona dos viños e Tinería.

- **21.00 h.** Concerto de **MARÍA RODÉS**; X aniversario de María Rodés Canta Copla na praza Santa María. Ás 20.00h Teloneiros: La Alfombra Mágica.

- **21.30 h.** Concerto de **Adrián Vigo** na praza da Mosqueira.

MÉRCORES 9

- **12.00 h.** **Pasarrúas** de Caivanca pola rúa Progreso, Raíña, San Pedro, praza San Marcos, Ferrol e Campo Castelo.

- **17.00 h.** Actuación de **PASMO DE PEDRA** de Mircromina Títeres, espectáculo para público familiar na praza Maior.

- **19.00 h.** **Letra das Festas 2024** (a revista oral do San Froilán), Historias da radio. Lembranzas e sucesidos das nosas festas, no Centro Cultural Vello Cárcere, coa participación de Lourdes Abuíde, Paco Nieto, Tonina Gai, Juan Carlos...

- **20.00 h.** **Pasarrúas** de Biouteiro-Astelú polas rúas Paxariños, Ramón Montenegro, Primavera, Carril das hortas e Ronda das Fontiñas.

- **20.00 h.** Concerto de **Ringdown** na praza da Mosqueira.

- **20.00 h.** **Pasarrúas** de Cántigas e Frores por Recatelo, Puro Cora e Recinto Feiral.

CENTRO DE ODONTOLOGÍA E IMPLANTOLOGÍA

Implantes Dentales

Cita Previa:

982 228 428 - 608 938 993



Camiño Real, 36-38 Entlo -27004 Lugo

www.clinicadentaltest.es



- **21.00 h.** Concerto de **FETÉN FETÉN**; Miña terra no corazón na praza Santa María. Ás 20.00h Teloneiros: Abya Yala.
- **21.30 h.** Concerto de **Kalte Sonne** na praza da Mosqueira.

XOVES 10

- **12.00 h.** **Pasarrúas** de Cántigas e froes polo recinto histórico, rúa Nova e Tinería.
- **17.00 h.** Actuación de **A TÓMBOLA DO CROMINA** de Micromina Títeres na praza Maior.
- **20.00 h.** Concerto de **The Groove-fathers** Homenaxe a Telmo na praza da Mosqueira.
- **20.00 h.** **Pasarrúas** Falso Teito pola Avenida das Américas, Marqués de Ombreiro e Barrio da Cheda.
- **20.30 h.** Actuación do **BLOCO MEI-GALLO** polo recinto histórico, zona dos viños e Tinería.
- **21.00 h.** Concerto de **PEDRO PASTOR Y LOS LOCOS DESCALZOS** na praza Santa María. Ás 20h Teloneiros: Groove Mambí.
- **23.00 h.** Concerto de **TRIÁNGULO DE AMOR BIZARRO**. Santa María.

VENRES 11

- **11.30 h.** **Pasarrúas** de Os Picuruchos pola rúa Quiroga Ballesteros, Mercado Municipal, Praza de Abastos e praza Santo Domingo.
- **17.30 h.** **Espectáculo itinerante** THE YETIS de Campi qui pugui. Percorrido: saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza Maior e Campo Castelo.
- **19.00 h.** XIX **SANFROIDANCE** na praza da Mosqueira. Das 19.00h ás 02.00h coas actuacións de DJ PANKO, PROFESOR ÁNGEL DUST, DJ ELOY, SR. WILSON & GRIFFI, DJ INO, DJ GRIFFI e VDJ DOBLE K.
- **19.30 h.** **Espectáculo itinerante**



THE YETIS de Campi qui pugui.

- **20.00 h.** **Pasarrúas** de Airiños de Orbazai. Rúa Lamas de Prado, barrios do Castiñeiro e da Residencia.
- **19.00 h.** **Os Pelúdez entre nós.** Os Pelúdez visitan a exposición Pelúdez nos fondos arquivísticos do Museo Provincial de Lugo.
- **20.00 h.** **Os Pelúdez entre nós** pola zona dos viños.
- **21.00 h.** Concerto de **REPIÓN** na praza Santa María. Ás 20.00h Teloneiros: JADE4.
- **22.00 h.** Concerto de **COQUE MALLA** na Horta do Seminario. Ás 21.00h Teloneiros: Berta Franklin.
- **23.00 h.** Verbena coa orquestra **COSTA DORADA** na praza Maior.
- **23.00 h.** Concerto de **ZETAK** na praza Santa María.
- **00.30 h.** **A DUENDENETA** na praza da Soidade.

SÁBADO 12

- **11.00 h.** **Feira de antigüidades** e colecciónismo na rúa da Raiña.
- **11.30 h.** IV **SALTAR NA RÚA - MILLA POPULAR** 40 aniversario LUCUS na praza Horta do Seminario. Milla Popular ás 11.30h e exhibición de saltos ás 12h.
- **11.00 h.** Inauguración da **VOLTA AO MEDIEVO** ao carón da Catedral de Santa María.
- **12.00 h.** **Pasarrúas** de Treboada pola avenida da Coruña, río Sil e Barrio Paradaí.
- **12.30 h.** Concerto de **Banda Sons e Soños** na praza Santa María.
- **12.30 h.** Actuación de **A VOLTA DO AGRO** na praza da Soidade.
- **12.30 h.** **Espectáculo itinerante** RAG & BONE de XIP XAP TEATRE. Percorrido: saída dende o San Froilán Miúdo na rúa alcalde Anxo López Pérez, Bispo Aguirre, praza

Maior e Campo Castelo.

- **13.00 h.** Concerto de **FOOLMAKERS** na praza da Mosqueira.
- **13.00 h.** O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO con **magu Xulio Merino** na praza do Castiñeiro.
- **13.00 h.** **OS CEGOS NO CAMIÑO.** Encontro de romanceiros medievais, cegos e Lazarillos na rúa San Pedro, Bo Xesús, praza Maior, praza do Campo e praza Pío XII.
- **17.30 h.** **Espectáculo itinerante** GO GO & STAY STAY STREET de MIIMO'S DIXIE BAND.
- **18.00 h.** O SAN FROILÁN MÁXICO NO TEU BARRIO coa actuación do **magu Xulio Merino.** O Castiñeiro.
- **18.30 h.** III **Festival de cultura tradicional** do San Froilán Miúdo do carpa do San Froilán Miúdo.
- **19.00 h.** **OS CEGOS NO CAMIÑO.** Encontro de romanceiros medievais, cegos e Lazarillos na rúa San Pedro, praza Maior, praza do Campo e Bo Xesús.
- **19.30 h.** **Espectáculo itinerante** GO GO & STAY STAY STREET de MIIMO'S DIXIE BAND.
- **20.00 h.** **Pasarrúas** de Xaora pola rúa Montero Ríos, Rafael de Vega, Miguel de Cervantes e Castela.
- **19.00 h.** SAN FROILÁN SORRÍ. **O recuncho da comedia.** Espectáculo teatral cos monólogos de David Amor e David Perdomo na praza da Mosqueira.
- **21.00 h.** VIII Concurso **MISS DEUSA.** Organizado polo Colectivo ALAS na praza da Mosqueira.
- **21.00 h.** Concerto de **PAULA MATTHEUS** na praza Santa María.
- **22.00 h.** Concerto de **MILLADOIRO - 45 ANIVERSARIO** na HorWta do Seminario. Ás 21.00h Teloneiros: Milesios.
- **23.00 h.** Verbena coa orquestra **ACORDES** na praza Maior.
- **23.00 h.** Concerto de **MONDRA** na praza Santa María.

CARPA SAN FROILÁN MIÚDO

VENRES 4

- 18.30 h. Exhibicións de baile de Ritmo Lugo

SÁBADO 5

- 11.00 e 16.00 h. CIRCUS FERIA de Bambolea.
- 18.30 h. INCREDIBLE BOX de Cía La Tal.

DOMINGO 6

- 11.00 e 16.00 h. LARUN de Jokai.
- 18.30 h. TÁVOLE de Circo Chosco.

LUNS 7

- 18.30 h. ROGELIO III LA FÊTE de Assircopatas.

MARTES 8

- 18.30 h. LULLABY de Compañía Proyecto Kavauri.

MÉRCORES 9

- 18.30 h. COA MÚSICA A OUTRA PARTE de Trécola producións.

XOVES 10

- 18.30 h. MALABARIAN ON THE

ROX de Cia. Roxi Katcheroff.

VENRES 11

- 18.30 h. MUTE de Oran Bi na carpa do San Froilán Miúdo.

SÁBADO 12

- 11.00 h. JUEGA A LO GRANDE. Orixinais e únicos xogos artesanais de madeira.
- 16.00 h. JUEGA A LO GRANDE. Xogos.
- 18.30 h. III FESTIVAL TRADICIONAL INFANTIL de Cántigas e Froes



tienda@promedisa.com
@PromedisaLugo
Promedisa Ortopedia

COMPRA ON LINE

FISIOTERAPIA Y REHABILITACIÓN • VIDA DIARIA • ENSEÑANZA • HIGIENE
APARATOS DIAGNÓSTICO • GRÚAS • DESCANSO • EMERGENCIAS • MOVILIDAD










COMPRA ON LINE

www.promedisa.com

Avda. de A Coruña, 104 Bajo - LUGO Tel.: 982 245 715
Avda. Terra Chá, 50 Bajo - CASTRO RIBERAS DE LEA. Tel.: 982 310 374

“O Cumulum foi un gran sacrificio no que o único que importaba era Lugo e a Muralla”

A artista Luz Darriba será a pregoeira do San Froilán cando se cumpren 25 anos do proxecto co que se logrou o recoñecemento da Unesco

Lucía Blanco

Recubriu con máis de medio millón de libros a Muralla, denunciou a violencia física e simbólica que se exerce contra as mulleres a través de 30.000 pares de luvas na praza de Santa María, entrevistou o Obradoiro cunha alfombra feita por milleiros de persoas como reclamo contra a violencia de xénero, incorporou unha icona feminina aos semáforos da Rolda no 2006 e segue capturando os temas sociais emerxentes para darlles forma. Luz Darriba (Montevideo, 1954) é unha artista polifacética, de orixe uruguia, que pinta, escribe e fai macroinstalacións urbanas baixo unha clara militancia dentro do feminismo. “Todas as mulleres teñen unha historia que merece ser escoitada, por pequena que sexa”, di. Agora despois décadas de traxectoria e numerosos recoñecementos nas artes e na literatura, será a pregoeira do San Froilán 2024 nunha edición que renderá tributo a importantes figuras da cultura galega e na que se rememora cando a Muralla se vestiu de libros para lograr o recoñecemento por parte da Unesco.

Como recibiu a noticia?

Estou orgullosa, moi contenta e conmovida. É unha honra despois de tantos anos de traballo sen parar.

Acepta ser a pregoeira como un acto de xustiza con todas as mulleres. Recollerá iso no seu discurso?

Si e evidentemente tratarei de que reflecta do mellor xeito posible non só o que eu sinto, senón o que nos compete a todas. Porque é un tema de mulleres.

Participou na ofrenda a Rosalía no 2014. Este ano estarán a artesá Marga Portomeñe e a escritora Ana Carreira. Chega tarde o recoñecemento ás creadoras?

Está moi ben que sexamos tres mulleres porque o traballo das mulleres é indispensable e non é nin remotamente recoñecido. Estiven mirando

quen deu os pregóns dende hai 40 anos e para que houbera unha paridade de aquí á eternidade teríamos que ser mulleres. Como en todo a distribución é inxusta. En todo caso, hai que recoñecer que á Concellería de Cultura que tivo ollos para ver ese traballo.

Cúmprense 25 anos de Cumulum, no que tomaron parte arredor de cinco mil persoas para que a Muralla fose declarada Patrimonio da Humanidade. Como o lembra?

Foi un sacrificio enorme dun grupo de persoas, tanto de Lugo, como de Galicia, como de fóra. Pensamos en

“A arte, por desgraza, non vai a mover o mundo pero si que remove e permite ver dun xeito diferente as cousas”

facer unha obra artística, a primeira no Estado deste calibre sobre un monumento público, pero traballando coa xente. Sen o esforzo dunhas 40 persoas, a maioría mulleres, que estaban poñendo libros todos os días e sen o desembolso dos libros que fixeron os internos dos cárceres de Monterroso, Bonxe e Paradela non se tería feito.

Para moitos implicou deixar de lado o traballo.

Foi complicadísimo facelo sen cartos, porque no seu momento calculamos que custaría máis de 2 millóns de euros. Eu, por exemplo, tiña un obradoiro de arte e tiven que deixar aos meus alumnos para estar alí. Pero no balance final coido que pagou a pena. Con todo o altruísmo, xuntamos a xente moi diversa, porque o único que importaba era a Muralla



e Lugo. É certo que cambiou a cidade, aínda que non digo que por nós. Pero até ese momento houbo moitas cousas que mudaron como o sentimento de poder.

Despois dunha formación clásica en Belas Artes na Arxentina, este proxecto marcou o inicio das súas obras de acción na rúa. Por que decide dar ese paso?

Foi un pouco o resultado do Cumulum e das ganas que tiña de facer este tipo de traballos, que son unha maneira diferente de chegar a arte a xente. Traballei cas Nais de Praza de Maio, xunto con outro de montón de artistas de forma anónima. Sempre tiven a idea na cabeza de facelo de xeito individual, pero na

Arxentina era moi complicado, aínda que temos a Marta Minujín, que foi pioneira. Despois do Cumulum, a propia Unesco convidoume a intervir a Unesco e a Porta da Alcalá.

Denuncia, a través das súas manifestacións culturais, as consecuencias do patriarcado. Tiña claro esa inclinación dende os seus comezos?

Teño que dicir que aprendín aquí a ser feminista. Cando eu cheguei no ano 90 vin que había unha chea de mulleres empoderadas e loitadoras. Eu viña dunha militancia de esquerdas pero tradicional e mesmo a miña xeración considerou o feminismo como unha tara pequeno burguesa. Comecei a militar no feminismo e mesmo creamos un grupo no 99

que se chamaba Donas de Nós. A idea desde que empecei sempre foi levalo para o lado da arte porque é a miña maneira de expresarme.

Considérase unha defensora do papel da arte para remover conciencias.

A arte, por desgraza, non vai a mover o mundo pero si que remove e permite ver dun xeito diferente as cousas. E é máis doado velo así que ver a crueza de centos mulleres que asasinan e que xa estamos case insensibilizadas. Estes anos fixemos cousas extraordinarias, falo en plural porque sen a xente non se pode facer, aínda que agora estamos nunha etapa de retroceso e é complicado velo.

A súa obra xa non coñece fronteiras e chegou a expoñerse e replicarse en países como México, Bélxica ou na Arxentina. Que balance fai despois de percorrer medio mundo?

Por exemplo no 2006 puxemos unha icona feminina nos semáforos, que deu a volta ao mundo e replicouse en máis de 20 cidades. Tomárono pola súa conta e ninguén se preocupou por quen o fixo por primeira vez porque non importa. Vai moitísimo máis aló do feito. Mesmo nalgúns lugares colocaron semáforos fixos. Eu aquí pedín un, aínda que fora simbólico, porque é simplemente unha maneira de indicar o que falta. Estamos no século XXI e seguimos sen estar en nada, pero resulta que somos máis de metade da poboación e sen nós o mundo non funciona. É moi importante que se fagan estas cousas, aínda que vexo moita rapazada nova con outra mentalidade e que pensa doutra maneira por fin.



Oferta San Froilán

GARANTÍA DE CONFIANZA
COMERCIO LOCAL

outlet
sótano

azulejos
porcelánicos
muebles de baño

SÓLO HASTA EL 31 DE OCTUBRE
o hasta fin de existencias



**BAÑO
COMPLETO**

1.399 eur*
IVA INCLUIDO

*Consultar condiciones en tienda



Lugo fortalece a súa Concellería de Educación

A concelleira Maite Ferreiro visitou as instalacións da Concellería de Educación e Difusión do Coñecemento para dar a benvida á nova xefa de servizo, Beatriz Pérez, quen se incorporou recentemente ao equipo. Ferreiro subliñou que a cobertura desta praza permitirá mellorar a atención á veciñanza e axilizar os procedementos da concellería, garantindo unha maior eficiencia. A edil lembrou que este departamento municipal xestiona temas fundamentais para as familias, como os comedores escolares e as Escolas Infantís Municipais. “Estas escolas

ofrecen un servizo integral de carácter social e educativo que abarca todas as fases do desenvolvemento infantil, desde a aprendizaxe da motricidade e a comunicación ata as primeiras pautas de convivencia e a relación co entorno”, explicou Ferreiro, destacando a colaboración constante entre o ámbito escolar, a familia e o entorno físico. Ferreiro tamén resaltou o esforzo económico do Concello de Lugo, que inviste anualmente máis de 1,5 millóns de euros no mantemento das escolas infantís, unha competencia que corresponde á Xunta de Galicia.

Preparan o Caudal Fest 2025 tras despedir a edición máis exitosa

A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, cualificou de “moi positiva” a sexta edición do Caudal Fest, que tivo lugar na contorna fluvial do río Miño. O evento reuniu a 40.000 asistentes e alcanzou o 100% de ocupación hoteleira na cidade. Ademais, a rexedora anunciou que xa están a traballar na edición de 2025, que se celebrará os días 19 e 20 de setembro e contará con destacados artistas do panorama musical nacional.

Alvarellos destacou que, a falta dun balance oficial, esta foi a edición máis exitosa en termos de organización, asistencia e impacto económico. “En 2023 asistiron 35.000 persoas, mentres que este ano alcanzamos as 40.000, polo que se espera un incremento significativo no retorno económico”, explicou. A alcaldesa tamén subliñou o papel do



festival como dinamizador da economía local, xa que “o ambiente festivo estendeuse desde a zona fluvial ata o centro da cidade, beneficiando sectores como o comercio, a hostalaría, a mobilidade e a alimentación”. Ademais, lembrou que o festival naceu co obxectivo de complementar festas como o Arde Lucus e o San

Froilán, contribuíndo a desestacionalizar o turismo en Lugo. Por último, Alvarellos animou a reservar as datas para a próxima edición en setembro de 2025, asegurando que o Caudal Fest xa é “un festival de referencia a nivel estatal”. As primeiras entradas para a sétima edición saíron á venda o luns 23 ás 13.00 horas.

Hipócrita Teatro regresa do verán con sete funcións antes de fin de ano

Hipócrita Teatro retomou a programación cultural no seu Escenario o día 28, coa primeira das sete funcións previstas para o último tramo do ano, que sempre terán lugar o segundo e o cuarto sábados de mes. O Circuito promovido pola Fegateira co apoio da Secretaría Xeral de Cultura, traerá ó Escenario Hipócrita outras tres pezas, todas elas comedias. O 12 de outubro, Andaravía Teatro porá en escena *Camiños e carreiros* unha obra de Clara Gayo. Porta

Aberta pechará a programación do Circuito o 9 de novembro con *A morte... e punto!*, un espectáculo cómico onde a morte é o tema principal. O grupo anfitrión, Hipócrita Teatro, ofrecerá unha función da súa peza *Arte* o 26 de outubro. O 23 de novembro acollerá dous espectáculos unipersonais, *La extranjera*, unha peza de teatro físico de Stephanie Cubides, que narra o eterno conflito entre a permanencia e a partida, e *Mensaxe perdida*, unha

peza de danza contemporánea de Lucía Álvarez, baseada nos sons das campás do Camiño Primitivo. A programación continúa o 14 de decembro con *Lear en las catedrales*, un drama baseado no poema de José Hierro *Lear en los claustros*, da cántabra Ábrego, cuxas pezas recibiron numerosos premios a nivel internacional. A última función do ano terá lugar o 28 de decembro a cargo da compañía lucense Lila Teatro que poñerá en escena *Rara Avis*.



Marfer

INFORMÁTICA

INFORMATIZACIÓN DE EMPRESAS

SERVICIO TÉCNICO LUGO Y PROVINCIA



Distribuidor Autorizado







SOMOS IMPLANTADORES DE KIT DIGITAL





C/ Alvedro, 2 - Lugo - Tel.: 982 263 084
www.imarfer.com - correo@imarfer.com



MARMOLES VILARIO



ESPECIALISTAS EN

- PIEDRA NATURAL
- PORCELÁNICOS Y CUARZOS
- ENCIMERAS DE VANGUARDIA
- GRABACIONES EN PIEDRA
- MOLDURADOS

*De las más prestigiosas marcas del mercado

Políg. Ind. Balmao - Betote, S/N
27617 - Sarria (Lugo)

Tel. 982 532 577 - Fax 982 532 577

marmolesvilario@hotmail.com

www.marmolesvilario.com



CIRCUÍTO TEATRO 20 PROFESIONAL 24



Señor López Produccións
A viaxe do Señor López



Itaca Teatro
Único minutos sen respirar



Bodega Teatro
O Pano



Itaca Teatro
Anacos



Trécola Produccións
Coa música a outra parte



Teatro do Miolo
Arando do Germe



Microteatro Titeres
Alas de Gardón



Liló Teatro
Raza Avis



Pínoonís
Pínoonís



Trécola Produccións
Maestrólogo



Libú Teatro
Madness



Compañía S. do Dr. Morifate
Bachos, un home solo



Itaca Teatro
Formigas no peito



Libú Teatro
O vixilante dos soños



Satori Teatro
Masculino singular



Bodega Teatro
O mundo de Bertina



Teatro do Miolo
Arando do germe



Loia Produccións
*El Visitation Consolación
Receitas*



Xamón Producción
Maria Balteira



Baixo da area Teatro
Poeta en Nova York



DEPUTACIÓN
DE LUGO



Cultura

VICEPRESIDENCIA



O PP presenta un documento sobre información turística divulgativo e aberto

Elena Candia explicou que no Partido Popular “queremos falar do que nos enorgullece, do noso patrimonio e deste xeito presentaba un documento divulgativo de información turística do municipio invitando aos lucenses a enriquecelo coas súas achegas.

A voceira popular explicou que esta guía “é froito do esforzo dun grupo de persoas lideradas polo noso compañeiro Agustín Gallego, responsable da área de Turismo e Promoción do Municipio do Grupo Municipal”.

A popular afondou na idea de desestacionalizar o turismo para captar visitantes durante todo o ano e para iso manifestou que é preciso impulsar unha marca turística propia para divulgar cuestións tan extraordinarias do municipio como o privilexio case único que temos no mundo da concesión da indulxencia Plenaria ás persoas que visitan a Catedral; os tres Patrimonios da Humanidade así como recursos naturais, gastronómicos e deportivos.

A guía dixital, con textos explicativos en tres idiomas, ofrece información de monumentos, rutas, museos ... que invitan vir a Lugo como destino turístico para a desconexión.

O público da Semana de Cine escolle ‘Chinas’, ‘Udra’ e ‘Pequeño’

Despois dunha semana na que a sétima arte foi a protagonista na cidade, conclúe a 46ª edición da Semana Internacional de Cine de Lugo, unha cita que se vén celebrando anualmente dende o 1979, e na que colabora o Concello de Lugo, o Grupo Fotocinematográfico Fonmiñá, a Deputación de Lugo, a Xunta de Galicia e a USC. Finalmente, *Chinas* de Arantxa Echevarría fíxose co premio do Público á Mellor Película da Sección Oficial, quedando entre as máis votadas *Más pesado es el cielo* de Petrius Cariry, *Vestida de Blanco* de Juan Carlos Blanco, *A fuego lento* de Tran Anh Hung ou *Las Preñadas* de Pedro Wallace.

En canto á mellor curtametraxe, *Pequeño* de Meka Ribera triunfou entre o público e *Udra* de Charles Alexander fíxoo como mellor título galego, mentres que *Menos a morte* de Adrián Viador foi elixida polo xurado. O xurado tamén premiou a *Intersex* de Tomás Aceituno Maldonado como mellor película e *Cuarzo* de Daniel Ortiz como mellor película documental. A organización e o xurado da Semana de Cine de Lugo conceden cadansúa mención especial,



polo especial tratamento dos temas, ás persoas e ao cine: *Avetimología* (España, 2024) de Xosé Zapata, *Dos* (España, 2023) de Kiko Prada, *Los últimos Pastores* (España, 2023 de Samu Fuentes), *Héroes Olvidados* (España, 2023) de Juan Manuel Plaza Pascual, *Emoción Asturias: las cuatro estaciones EMOCION* (España, 2023) de David Álvarez e Juan Ignacio Cuadrado, *El cine del pasado* (Colombia, 2023) de Andrés Echeverri, *La naturaleza de lo extraordinario LA* (España, 2023) de Ligia Pájaro e Vicente Navarro, *Dolor Impune* (España, 2023) de Gabriel Chicano e *Os valores no camiño* (Galicia, 2024) de Raquel Freiria.

Tamén galardoaron *Aurora* (Galicia, 2023) de Area Erina, *Paradiso de Anibal* (Brasil, 2023) de Diego Baraldi, *Claustrofobia* (Galicia, 2024) de Paco Guitián e Tadeo Puglieso, *O Caurel: Terra dura, terra brava* (Galicia, 2023) de Maruxa González Xamos, *La Cena* (España, 2023) de Jesús Martínez, *Mon coeur en arriere* (Bélgica, 2023) de Sarah Gouret, *To bird or not to bird* (España, 2023) de Martín Romero, *PURA* (Galicia, 2024) de Carmen Mendez e *Antes de que se poña o sol* (Galicia, 2023) de Nani Matos.

O Orfeón convoca o Premio José Castiñeira de Humanidades

O Orfeón Lucense, en colaboración coa Diocese de Lugo, a Catedral Lucense e a familia de José Castiñeira Pardo, convoca a primeira edición do Premio de Humanidades José Castiñeira, para honrar a persoas ou institucións que pola súa traxectoria, disposición e entrega, se distinguen no seu labor humanitario, nas artes ou nas letras, a prol da convivencia social e da mellora das relacións humanas, seguindo o exemplo de traballo e entrega do musicólogo, crego e profesor do que leva o nome.

O premio, que se convocará anualmente, non ten dotación económica e consistirá nunha placa que deixe constancia do nomeamento, que será entregada nun acto público e solemne, no claustro da Catedral de Lugo, o último domingo do mes de outubro, inmediatamente

despois da celebración relixiosa do cabodano do P. Castiñeira, e antes da ofrenda que tradicionalmente se celebra na súa honra.

O xurado que concederá o premio estará formado por representantes do Orfeón convocante – fundado por José Castiñeira Pardo –, da familia Castiñeira, da SICB e da Diocese de Lugo, podendo incorporar persoas de recoñecido prestixio da sociedade lucense e galega.

A este premio poden presentar propostas as asociacións culturais, entidades oficiais ou privadas, os particulares que o desexen e os mesmos membros do Xurado, con exposición razoada dos méritos de cada candidato/a, ao correo info@orfeonlucense.com, ou entregándoas persoalmente nas oficinas do Pazo Bispal de Lugo, ata o próximo 15 de outubro.

NOVO CURSO ESCOLAR



Debido aos recortes que se efectuarán nos centros educativos de toda a provincia de Lugo para o próximo curso, a Fapacel xunto coas Anpas afectadas celebrou unha concentración diante do Edificio Administrativo da Xunta de Galicia de Lugo. Baixo o lema *A educación pública en pé*, pediron que se reduzan os recortes e máis compromiso por parte da Xunta nesta cuestión.

**GALO
¡A DOMICILIO!**

982 247 076 **RECATELO Nº1**

**¡CON GLOVO Y
JUST EAT!**

¡TENEMOS PULPO!



erika pilates center

Pilates en grupos reducidos • Pilates preparto • Pilates postparto
Abdominales hipopresivos • Yoga

Calle Perpétuo Socorro 10-12, bajo. 27003 Lugo
Telf: 699 519 141 / erikapilates@hotmail.es
www.erikapilates.es

Néboa inaugurou unha mostra de Andrés Rivas Rodís

A Galería Néboa inaugurou a tempada expositiva coa mostra individual Gramática de superficie, do artista compostelán Andrés Rivas Rodís.

Gramática de Superficie é o título da primeira exposición individual de Andrés Rivas Rodís na Galería Néboa. Andrés Rivas Rodís (Santiago de Compostela, 2000) é graduado en Belas Artes pola Universidade Politécnica de Valencia (2022), mestrado en Investigación e Creación en Arte pola Universidade do País Vasco en Biskaia (2024), e actualmente doutorando pola Universidade de Vigo. No 2024 recibiu o Premio Gaztea do Concello de Leioa (Biskaia).



Tres mostras novas, na capela de Santa María, o Museo e o Vello Cárcere

Abriu a mostra *Pregos de cordel: Crimes, monstros e milagros*, que poderá verse ata o 31 de outubro na capela de Santa María en Lugo.

A mostra, que complementa a programación do encontro 4º Celme de Zanfona, reúne unha escolma de documentos do Arquivo Castro Vicente: 80 pregos, a maioría deles de temática galega, que permite observar de preto as cualidades formais, editoriais, literarias e relativas á estampa destes impresos con romances, coplas e outros escritos en prosa e verso que os cegos cantores vendían nas feiras.

Cástor e Félix Castro Vicente (Ourense, 1970), donos do Arquivo Castro Vicente, levan máis de 25 anos dedicados á investigación etnográfica, sobre todo no aspecto musical e da literatura oral, formándose tamén como músicos tradicionais e folk.

MUSEO. O Museo Provincial acolle a mostra *Traballos de Hércules*, da Real Academia Galega das Belas Artes, co obxectivo de celebrar o 175 aniversario dando a coñecer a realidade de Galicia a través de actividades como esta colección de gravados. A Vicepresidencia da Deputación colabora

con esta mostra, comisariada por José Ramón Soraluze Blond, formada por 19 gravados de Juan Barcelón y Abellán, Nicolás Brasanti e tres pezas sen atribución.

Poderá visitarse ata o 6 de outubro e ten como obxectivo rescatar a historia da institución e proxectar a súa presenza institucional e actividade cultural na sociedade galega.

Traballos de Hércules é unha exposición itinerante baseada na serie de pinturas que o artista italiano Luca Giordano realizou para Carlos II no Casón del Buen Retiro de Madrid.

VELLO CÁRCERE. Presentouse tamén a nova exposición *A arte oculta* de Luís Miranda, que ocupará o espazo das celas dos homes no Vello Cárcere. Esta mostra estará dispoñible ata o 30 de novembro e incluírá unha selección de 40 óleos sobre lenzo e 15 debuxos a lapis, a través dos que o autor explora o seu pasado, presente e futuro mediante a linguaxe da pintura.

Durante a presentación, Maite Ferrero salientou a importancia da pintura como un “medio de comunicación cun mesmo e con todo o que nos rodea”.



O Arde Lucus recibe o seu recoñecemento turístico internacional

O concelleiro de Deportes e Xuventude, Jorge Bustos, participou no Teatro Real de Madrid no acto de entrega de diplomas ás festas de interese turístico nacional e internacional, organizado polo Ministerio de Industria e Turismo. Durante o evento, Bustos recolleu o diploma que acredita ao Arde Lucus como Festa de Interese Turístico Internacional, un recoñecemento obtido en marzo de 2023.

O edil destacou a importancia deste galardón, compartíndoo “con todos os lucenses que traballan cada ano para recrear as nosas orixes romanas”, especialmente coas 19 asociacións de recreación histórica que forman parte da organización e cos case mil socios que participan activamente nos festexos. Ademais, agradeceu a colaboración dos diferentes sectores da cidade, os patrocinadores, centros educativos e o equipo técnico que fai posible este evento. Bustos subliñou que o éxito do Arde Lucus reside na implicación da cidadanía e na aposta do Concello por recuperar o pasado romano, mantendo vivo este legado a través dunha recreación fidedigna, participativa e lúdica.

“Exportamos a imaxe máis positiva e cordial do noso municipio e dos seus habitantes”, afirmou o concelleiro. O Arde Lucus, que comezou no 2002 como unha pequena festa para dinamizar o sector hostaleiro do centro histórico, foi evolucionando ata converterse nun evento histórico, cultural e económico de gran importancia. No 2011, foi recoñecida como Festa de Interese Turístico de Galicia, e en 2017 obtivo o distintivo de Festa de Interese Turístico Nacional. Tras cumprir o prazo mínimo de cinco anos con esta última distinción, o Concello iniciou os trámites para conseguir o recoñecemento internacional, que agora foi concedido.

O Arde Lucus amplíase hoxe en día a catro días de celebración, comezando o xoves e prolongándose ata o domingo, atraendo cada ano milleiros de visitantes que se suman á recreación do pasado romano da cidade. As 19 asociacións que forman parte da súa organización son fundamentais para o éxito deste evento, que combina identidade, patrimonio, cultura e dinamización económica, facendo do Arde Lucus unha festa única.

Afundación estreará a mostra ‘Simultánea’

As sete sedes de Afundación nas sete cidades galegas acollerán a mostra *Simultánea* a partir do 9 de outubro e ata o 25 de xaneiro. Un proxecto expositivo da Colección de Arte Afundación que achegará ao público un total de 350 obras de máis de 200 artistas galegos, ou vencellados a Galicia, dos últimos 200 anos.

“Ao idear este proxecto quixemos celebrar con toda Galicia a riqueza dun patrimonio que lle pertence”, destaca Miguel Ángel Escotet, presidente de Afundación.

Simultánea ofrece unha mirada multidisciplinar á Colección de Arte de Afundación, que reúne fotografía, pintura, escultura e videoarte. A mostra aborda a pluralidade das artes plásticas onde o romanticismo, o impresionismo, o rexionalismo, a irrupción das vangardas ou as novas linguaxes de arte contemporánea, entre outras moitas propostas.

Ábrese a matrícula da UNED Sénior

A UNED anuncia a apertura do prazo de matrícula para o programa UNED Sénior, unha iniciativa deseñada para ofrecer oportunidades de aprendizaxe a maiores de 55 anos.

Ata o 23 de outubro, os interesados poderán inscribirse nos cursos de inglés básico e intermedio, parte da ampla oferta educativa do centro.

Os cursos están programados para comezar na semana do 14 de outubro, sempre que se alcance o mínimo de inscricións. Cada materia conta cun límite de 20 prazas, asegurando unha experiencia de aprendizaxe íntima e personalizada.

Os cursos son inglés básico, que terá lugar os luns de 11.00 a 13.00 horas; e o de inglés intermedio, que terá lugar os martes de 11.00 a 13.00 horas.

Ahorra o nunca!!!

Estrena

hybrid

HIBRIDO
...en LugoMotor!

FORD PUMA
HYBRID
por
22.990*

* Consulta condiciones financiación.

¡Somos artesanos!

Pan artesano 100% con masa madre

Milano Propio

PANADERIA · PASTELERIA
O PAN DO PAIS
CAFETERIA

☎ 982 24 02 35

“A naturalidade é o que impacta nun discurso”

Óscar Rodríguez é un dos catro finalistas no campionato do mundo de oratoria

Lucía Blanco

“Voulles contar unha historia, pero non unha historia calquera, senón unha que me contaba miña nai cando era pequeno”. Así comezaba o discurso co que o lucense Óscar Rodríguez lograba meterse no peto ao xurado e ao público e convertíase nun dos catro mellores oradores en español de todo o mundo. O estudante, que acaba de ser elixido mellor orador do país na Liga de Debate Universitario, representará a España, xunto co malagueño Alberto García, na gran final do campionato de oratoria en español que terá lugar na Universidade de Belgrano de Bos Aires o 17 de outubro despois dunha selección entre 400 participantes de 80 universidades e uns 20 países.

“Eu contaba con estar entre os 6-7 primeiros pero tiña a dúbida de se entrar entre os 4 que pasaban ou non”. O voto popular tamén tivo moito peso na selección que se realizou a través da media ponderada da cualificación tanto de expertos e votos do público. As cifras demostraron a boa acollida que tivo o seu discurso que acumula máis de 26.000 repro-

ducións e 2.000 likes. “Non mo esperaba para nada. Comparado co ano anterior, no que eu non participei, todos os primeiros clasificados temos moitísimas máis visualizacións e likes. O que implica chegar a máis xente e acadar a máxima difusión posible, que tamén é o obxectivo”.

A proba esixía unha temática de profundidade pero sen un excesivo grao de coñecemento. “Tratábase de combinar unha mensaxe un pouco profunda pero sen demasiada especialización para comprendela, algo relacionado coa vida diaria”. El optou por estruturar unha peza sobre como a reacción ao fracaso impacta “máis no noso éxito que o traballo duro, a vocación e mesmo o esforzo”. As datas nas que se celebrou a semifinal, preto dos últimos exames do curso e tamén do campionato de España, fixeron que contara con menos horas para afinar o discurso, pero iso non xogou na súa contra.

PENSAR NA MENSAXE. “Quizais tiveren menos tempo ca noutros campionatos, tamén pola práctica. Pero hai unha rutina de preparación que

é pensar como achegar esa mensaxe ao público, máis que redactala ao completo ou memorizar palabra por palabra”, asegura. Óscar en vez de centrarse en aprender o texto, busca “pensar na mensaxe xeral, en que quero que pense o público cando chegue a casa. De feito, ningunha practica me saíu e dúas veces igual. O obxectivo era saber que quero dicir máis que como o quero dicir”. Un estilo que tamén vai a seguir na cita na Arxentina.

“O funcionamento é lixeiramente distinto. Hai semifinal e final, unha especial de *final four* que facemos todo no mesmo día. Debemos preparar un discurso, pero tamén hai un enfrontamento directo no que interactuamos co opoñente como nos torneos de debate. Dispoñemos dun tempo para atacar o que dixo o compañeiro e defender a nosa postura”. Se lle preguntan polo fundamental para un bo discurso, teno claro: a adecuación. “Hai persoas que adoitan preparar unha charla e logo chegan a onde sexa e recitan o mesmo e eu creo que a naturalidade é o que impacta. Debemos pensar que podemos achegar, enfocalo en que vai gañar a audiencia ao escoitarme”.

Ademais, un bo orador, en palabras deste lucense, ten que ser capaz de controlar os nervios. “Non de evitalos. Tamén ten que dominar o espazo, cousa que se consegue con preparación e práctica, e ter unha capacidade de achegarse, de ser alguén próximo a quen o escoite”, explica. Manter a calma ao falar en público nunca foi unha tarefa complicada para el, aínda que non todos corren a mesma sorte.

CONTROLAR OS NERVIOS. “Recordo



a un compañeiro que en 3º da ESO non era capaz de falar diante dos 25 compañeiros da clase, pero comezou a competir e acabou falando no Parlamento de Galicia fronte a centos de persoas. A clave que atopou foi ser consciente de que canto maior era a preparación menor era o medo e tamén poder pensar noutra cousa. Cando temos outro estímulo máis aló de gustarlle á audiencia axuda moito”.

Cursa primeira de Economía e Estudos Internacionais en Madrid, pero Rodríguez acumula varios logros no mundo do debate dende a súa etapa no IES Ollos Grandes. “Viñeron uns rapaces doutro centro que facían debate, porque no meu non había, e montaron un club. Chamáronme de casualidade, porque non contaban comigo nun principio, e dende alí fun recibindo premios en Galicia e logo cheguei a esa primeira categoría universitaria a nivel nacional e comecei a acadar numerosos recoñecementos”. Pouco a pouco, esta disciplina gaña cada vez máis adeptos mesmo en Lugo, que celebrou en maio a pri-

meira Liga de Oratoria, na que participaron 44 estudantes de 6 centros educativos. “Tivemos 8 equipos que hai anos aquí era impensable mesmo sacar 2 e para o ano volveremos a organizar a competición, que suma xa 12 neste momento”. Máis aló das vantaxes a nivel comunicativo, Óscar anima a darlle unha oportunidade polos numerosos beneficios que achega a nivel persoal. “Hai institutos que non queren participar polo medo de perder e hai que cambiar a mentalidade. Evidentemente todos queren gañar, pero o importante é que hai unha serie de habilidades que polo simple feito de estar debatendo vas a desenvolver”. Entre elas, enumera o traballo en equipo, a cooperación e a importancia da retroalimentación. “Ao final do debate os xuíces dinche que podes mellorar. Esas habilidades están un pouco á marxe do instituto e das actividades extraescolares e só por achegarse ao que é o futuro profesional e persoal despois do instituto e da universidade xa merece a pena intentalo”, conclúe.

ALQUILA TU ESPACIO PRIVADO PARA CUMPLES

DE LUNES A DOMINGO

PAZO DE FEIRAS E CONGRESOS (LUGO)

HINCHABLES, FÚTBOL, JUEGOS, MINI DISCO Y MUCHO MÁS...

606 804 864 Total sport

ACADEMIA DE ESTUDIOS

EL BUHO

CLASES DE REPASO Por semanas y quincena

TODAS LAS ASIGNATURAS Francés e Inglés

Calle Tuy 76, Bajo, 27004 Lugo. TEL: 685 99 89 77



Por Lugo:

VAI EN BUS



Máis barato

Máis ecolóxico

Sen buscar aparcamento

urbanoslugo.com

#activandolugo

A planta de biometano de Coeses chegará ao Parlamento europeo



Centos de persoas manifestáronse no centro de Lugo para amosar a súa oposición á planta de biometano proxectada en Coeses. A protesta partiu da Horta do Seminario e concluíu diante do edificio da Xunta e estivo organizada pola plataforma Lugo non quere cheiros da que forman parte veciños de distintas parroquias afectadas. Ademais da veciñanza, na mobilización tamén se deron cita representantes dos distintos grupos políticos.

Denunciaron o obxectivo dunha empresa de instalar unha fábrica que “encherá de cheiros o noso paraíso natural” sendo un “atentado ecolóxico” e que conta “coa complicidade da Xunta”.

Por outra banda, a eurodeputada do BNG, Ana Miranda, anunciou que rexistrará iniciativas no Parlamento Europeo para reclamar unha análise en profundidade dos efectos negativos sobre o medio, os recursos hídricos e a veciñanza do proxecto para a instalación dunha planta de Xestión de Residuos

Orgánicos e Biometanización en Lugo. A europarlamentaria do BNG anunciou que as iniciativas destacarán a falta de garantías ambientais do proxecto e reclamará rexeitar a solicitude de fondos europeos no caso de que soliciten.

O BNG xa rexistrou iniciativas no Congreso a través do deputado Néstor Rego, e no Parlamento de Galicia, despois de que a Xunta declarase este proxecto como iniciativa empresarial prioritaria, unha resolución que permite a simplificación e axilización dos trámites administrativos. Arroxo anunciou o apoio do BNG á mobilización prevista para o vindeiro día 27.

“Distintos informes técnicos consideran que o actual proxecto que pretende instalarse en Coeses non ten garantías de seguranza ambiental, atendendo ao volume de auga que precisaría captar e ao tratamento dos residuos líquidos que logo serían devoltos ao río e, especialmente, na falta de eficiencia no control de cheiros”, afirmou Miranda.

Os veciños de Castelo denuncian a inseguridade da estrada

Lucía Blanco

A veciñanza do barrio de Castelo segue a reclamar unha maior seguridade viaria na estrada da Fonsagrada. “Hai moitísimo volume de tráfico dende que se fixo o HULA, é algo esaxerado o número de coches que pasan todos os días. Ademais de que hai moita xente maior que non dá cruzado e non se dan conta diso”, contan. O perigo que supón a actual configuración da estrada LU-530 ao seu paso por este núcleo motivou unha manifestación o venres 7 de setembro.

“Pedimos poder cruzar sen arriscar a vida, moita xente xa lle ten pánico. Eu non sei como non hai máis atropellos”. Nos últimos anos, o tránsito na zona aumentou significativamente, convertendo a vía nunha de uso habitual que rexistra unha intensidade media diaria duns 10.300 vehículos. “É algo que se ve claramente, non é que o digamos nós. Ás veces tes que esperar media hora para poder cruzar, sobre todo ás horas puntas. Se vas coller o bus ou te vas media hora antes ou o perdes”. A redución da velocidade de 70 a 50 km/h, a instalación de pasos de peóns nas paradas e a creación dunha beirarrúa segura que conecte a rúa San Eufrasio co Carqueixo encóntranse entre as peticións veciñais coas que pretenden facilitar o acceso seguro, especialmente para os maiores e con mobilidade reducida.

“Encima os coches baixan a 70 e moitas veces tampouco respectan os pasos de peóns nin diminúen a velocidade. Teñen que facer algo, darnos unha solución. Non pararemos de pelexar ata que así sexa”. Na última xuntanza coa Xunta, o dele-



gado territorial en Lugo, Javier Arias, comprometeuse a ampliar o tramo de redución de velocidade a 50 km/h ata a intersección coa estrada LU-P-2927, procedementos que xa se levaron a cabo noutras áreas, como o primeiro quilómetro da mesma LU-530, onde se construíu a rotonda de San Eufrasio, ou nun tramo da N-VI na contorna do río Miño.

Pero a súa reivindicación non é nova. “Xa fai tempo pedimos levantar pasos de peóns e dixéronnos que non porque era unha estrada xeral, pero se non é iso terán que poñer pasos elevados ou outra cousa. Non estamos pedindo nada do outro mundo”. Tamén reivindican o mal estado das marquesiñas, que son antigas. “Arranxaron o tema das paradas de autobús pero non o das marquesiñas. Hai xente e tamén nenos que

empezaron xa o colexio e cando chova a ver como fan e onde se meten porque imos para o inverno”.

Por outra banda, critican a falta de limpeza e mal estado do firme, que presenta numerosas fochancas, así como dalgúns camiños que dan unha imaxe de abandono do barrio. “Está o paseo que vai para o Rato intransitable totalmente abandonado e mira que baixan moitos pasear. Por outro camiño que se encontra ao lado do lavadouro e que fixeran para ir cara a estrada xeral, tampouco das pasado e cando empece a chover vai a ser aínda peor”. Os veciños tamén amosan o seu malestar pola falta de contedores para reciclar. “Queren que reciclemos pero eu non podo ir coas botellas ata Ronda Fontiñas. Terán que poñelos para que a xente poida separar os residuos”.

Veciños de Piugos piden máis pasos de peóns na estrada de Portomarín

O portavoz do BNG de Lugo, Rubén Arroxo, xunto coa deputada Montserrat Valcárcel e a concelleira Cristina López, reuniuse en Piugos con veciños e veciñas para presentar as propostas que a formación defenderá no Parlamento. O obxectivo é instar á Xunta de Galicia a mellorar a seguridade viaria na estrada de Portomarín e noutras vías de titularidade galega que comunican co concello. Arroxo explicou que o BNG presentou unha batería de medidas para que a Xunta actúe nestas estradas,

onde a veciñanza leva tempo reclamando melloras.

Entre as principais demandas do BNG, destaca a instalación de pasos de peóns na estrada de Portomarín, especialmente preto das paradas de bus, onde actualmente só hai un paso ao comezo, na intersección coa Estrada Vella de Santiago.

A formación tamén solicita máis pasos de peóns na estrada de Friol, que carece de calquera medida de seguridade malia atravesar tramos do Camiño Primitivo.

Disfruta de nuestra TERRAZA!

ABRIMOS TODOS LOS DÍAS

- DESAYUNOS
- RACIONES
- PLATOS COMBINADOS
- COMIDAS A LA CARTA

NUEVA CARTA ¡Visítanos!

MENÚ DEL DÍA 12 €

HAMBURGUESAS GOURMET (Cachena, Porco Celta...)

Rafael de Vega, 10 bajo
Tel. 982 59 38 92 LUGO

TODOS LOS PARTIDOS de FÚTBOL y

C.E. Bregón S.A.D.

Chegar e encher de:

- FRONTIÑA
- CHAVICITERIA
- CONVELADOS
- ASADOS DE
- POLOS, COCELLOS
- PANADERIA

Brais CARNICERIA

PRODUCCIÓN PROPIA, EXCLUSIVIDADE EN TENREIRA CACHENA

Servimos a:

- HOSTELERÍA
- COLAXIOS
- DOMICILIO

PREPARAMOS CARLOS E LUGOS CARLOS PARA CONVELADOS

Éche o que hai!!!

- TENDA GOURMET
- BODEGA
- PETISCOS
- DELICIAESSEN
- PRECIATOS
- CALIDADE PREMIUM

Rúa Montero Ríos, 40 Baixo - Tel. 982 872 180 LUGO

ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DE OMBREIRO

“As asociacións son do máis importante que temos nas aldeas”

Leva case catro décadas dinamizando a parroquia

Lucía Blanco

En Ombreiro poden presumir de manter viva unha das asociacións de veciños con máis historia de toda a cidade. “Somos das máis antigas de Lugo levamos dende o 88”, conta Manuel Luís, un dos fundadores e presidente dende hai xa 9 anos. “Eu metinme pola familia, fíxeno por meus pais que xa faleceron como lles pasou a moitos, porque penso que as asociacións son das cousas máis importantes que temos nas aldeas”. Unha centena de membros, aínda que eles contan por casas e non por socios, asegura o futuro deste colectivo. “Contamos cunhas 29 casas e supoñen unhas 4-5 persoas por cada unha delas, entón somos bastantes”. Unha reunión en febreiro marca o inicio da súa actividade, que se mantén ao longo dos meses. “Empezamos co Entroido, cunha festa e unha comida na que xuntamos a unhas 100 persoas. Despois en abril montamos un campionato de tute e poxa no que contamos con bastante participación. Durou case un mes e medio e o colofón final foi unha comida, o San Eleuteiro, onde reunimos a todos os participantes e entregamos os premios”.

Outras citas, como o Lume Novo, o San Martiño, o seu patrón e o San Roque, que se fai na finca da asociación, acaban por completar as propostas na parroquia.

“O terreo son 20.000 metros cadrados de titularidade da Xunta, pero estamos intentando pechalo porque nolo cederon durante 75 anos. Alí se quixera o Concello podería facer actuacións importantes”. As viaxes, que organizan dende que o colectivo botou a andar, tamén se encontran entre as citas habituais.

“Desde o principio eramos os encargados de organizalas. En abril, fixemos unha viaxe de tipo cultural de dous días a Oporto. Fomos unhas 45 persoas e visitamos, por exemplo, as bodegas e o río Douro cun guía. En xullo fomos á Costa da Morte tamén co obxectivo de pasar un día todos xuntos e en setembro achegámonos ás Rías Baixas”. Programar estas actividades non resulta doado para a directiva formada por 11 veciños. “É un gran traballo, eu fíxeno por meus pais, pero a xente foi marchando. Quedamos uns cantos e tamén cansa, porque tes que estar continuamente pedindo subvencións, co papeleo e organizando todo”.

DEMANDAS VECIÑAIS. O esforzo queda reflectido precisamente no seu local social que eles mesmos fixeron. “Levamos gastado preto de 300.000 euros. E fíxemolo a xente do pobo, evidentemente con axudas, pero encargámonos nós de todo”. Xunto co



labor cultural, dende a asociación intentan xuntar as demandas colectivas e propoñer mellores, como pode ser o servizo de transporte público. “Estamos a 7 quilómetros da centro da cidade. É increíble que siga habendo buses para aló de Ramil pero, aínda que dende Ramil a Ombreiro hai 4 quilómetros, non son capaces de facer que baixe un autobús. Unha empresa cubre a liña unha vez ao día, pero tes que estar pendente e se non che coincide a hora non tes que facer”.

O abastecemento tamén ocupa as súas reivindicacións. “Levaron a auga a Adai, que está a 1 quilómetro e medio, e nós que somos 210 veciños estamos cansos de pedilo”. En canto á seguridade, demandan arranxos nos seus 30 quilómetros de pistas e piden unha senda para os peóns na estrada do Vilaradón “Non pedimos unha beirarrúa, senón un camiño para vir de Ramil andando

ata Ombreiro. É súper perigoso, tanto por unha man como pola outra, porque tes que ir por onde pasan os coches”.

Tampouco se esquecen do coitado dos ríos e das dúas pontes que atravesan o lugar. “A do Narla, que vai para Seivane e Aspai, leva un ano e medio cortada e seguimos facendo protestas. A do Miño cada vez que hai riada trae os árbores e tamén pedimos que se limpe, aínda que se meteu a Confederación e parece que mellora a situación. Ademais, estamos á beira do río, onde se podería facer algo espectacular”. Mentres continúan demandando melloras para o pobo, van seguir dinamizando a vida cultural e fomentando as unións neste núcleo, unhas tarefas para as que precisan a axuda de todos os veciños. “Intentaremos seguir facendo actividades, pero o importante sería de ter a colaboración de todo o mundo”.

A brigada de loita contra o lume limpou xa máis de 100 hectáreas

A brigada de loita contra o lume do Concello de Lugo limpou xa máis de 100 hectáreas de terreo para reducir o risco de incendio forestal no municipio e preservar a seguridade, especialmente, nos núcleos rurais das 54 parroquias. Este equipo, composto por catro profesionais, está formado por un xefe de brigada, un peón condutor e dous peóns que desenvolven o seu traballo contra as lapas, ao tempo que se encargan de evitar posibles focos con diferentes labores de roza, en diferentes puntos.

“Actualmente o equipo limpou de forma manual máis de 6 hectáreas en zonas de difícil acceso para a maquinaria, e está previsto que os brigadistas acometan a limpeza nun total de 10 hectáreas de terreo con esta técnica antes do remate da tempada. Ademais, limpáronse máis de 100 hectáreas de forma mecanizada das 160 proxectadas ate o remate dos traballos”, explicou a concelleira de Cohesión Social e Territorial, Ana Abelleira, quen apuntou que o período de actividade desta brigada estenderase no tempo ao longo do mes de outubro.

“O final do verán e o principio do outono son períodos de especial perigo porque se acumula a falta de choiva dos meses estivais e o vento pode xogar un factor determinante nesas datas. De feito, os últimos grandes incendios que asolaron Galicia en 2017 así o corroboran. A posibilidade de calor, escasa humidade, e rachas de ventos fortes fan que teñamos que estar preparados ata esas datas”, explicou a edil.

Eses traballos servirán tamén para garantir a conservación de especies que teñen un especial valor ambiental e para limitar o crecemento da maleza, factor de risco na propagación dos lumes nas épocas secas.

HERMANOS CASTEDO

SERVICIOS

- RECONSTRUCCIÓN DE TEJADOS VIEJOS
- TODO TIPO DE CUBIERTAS DE PIZARRA
- CUBIERTAS DE PANEL SANDWICH
- TODO TIPO DE MEDIANERAS
- VENTANAS VELUX - CANALONES
- VENTA DE TODO TIPO DE PIZARRA
- IMPERMEABILIZACIONES

Crta. Lugo - Fonsagrada, km.4 (Barbain) O CARQUEIXO - Lugo
Castedo, 13 - CASTROVERDE (Lugo) - Tels.: 982 231 874 / 610 558 035 - pizarrascastedo@hotmail.com

Aprobada a convocatoria para 83 hortos urbanos

A Deputación aprobou unha nova convocatoria para adxudicar un total de 83 hortos urbanos da institución provincial que quedaron dispoñibles no Paseo do Río Rato. Trátanse da sexta fase desta convocatoria e ten como obxectivo renovar as 75 autorizacións de uso concedidos durante a 1ª e 2ª fase, nas que está a piques de rematar o período de vixencia de 4 anos que establece a Lei. Ademais, neste proceso a institución provincial asignará outros 8 hortos que están actualmente vacantes, debido a renuncias ou procedementos sancionadores, co que completan os 150 que están habilitados no Rato. Manteranse os mesmos requisitos e criterios que en fases anteriores, seguindo o regulamento establecido pola institución provincial para a concesión destes espazos. Darse prioridade a aqueles usuarios e

usuarias que viñan desfrutando dunha destas parcelas, e a asignación de cada horto realizarase mediante sorteo público, asignando unha parcela por solicitante e unidade familiar. Poderán presentar solicitudes todas as persoas físicas ou asociacións de Lugo e concellos limítrofes que non posúan terreos cultivables. Se as solicitudes superan as parcelas dispoñibles, aplicarase unha valoración por criterios sociais, priorizando a persoas en desemprego, con rendas baixas, familias numerosas ou xubilados. Os colectivos sen ánimo de lucro e representantes de centros educativos tamén terán prioridade. Os beneficiarios poderán usar os hortos gratuitamente por un período de dous anos, con posibilidade de prórroga de ata 4 anos, e contarán cun servizo de mantemento e asesoría gratuítos.

O Concello lugués modificará a ordenanza de Emerxencia Social

O Executivo de Paula Alvarellos está a actualizar a ordenanza de Emerxencia Social co obxectivo de que sexa máis efectiva e acorde á realidade actual. Así o explica a propia alcaldesa, quen chama a atención sobre “o gran traballo realizado ao longo do último ano desde a área de Benestar Social para facer posible este cambio, e con el sacar adiante un documento con prestacións actualizadas, que priman as axudas máis necesarias e que ademais chegan a un maior número de beneficiarios e beneficiarias”.

Nesta modificación da ordenanza se tivo en conta a realidade actual e as problemáticas ás que se enfrontan as familias en situación de vulnerabilidade, así como as principais necesidades. Entre elas, destacan as prestacións para facer fronte aos gastos de aluguer, que tamén se actualizaron. Neste sentido a edil de Benestar Social, Olga López Racamonde sinala que “o ano pasado estas axudas foron as máis solicitadas polas 625 unidades familiares beneficiarias do programa de Emerxencia Social”.

Adxudicado o contrato do primeiro cemiterio galego de mascotas



O Goberno de Lugo adxudicou o contrato para construír un cemiterio destinado a mascotas e animais de compañía na contorna do actual cemiterio municipal, nunha parcela anexa duns 800 metros cadrados de extensión. A edil de Participación declarou que “levamos meses traballando neste servizo, o que nos permitirá atender a unha proposta que a veciñanza leva tempo reclamando”. Trátase do primeiro cemiterio público de mascotas que se instalará en Galiza.

O novo espazo será pechado perimetralmente, e a zona interior será axardinada e contará con bancos e elementos que permitan crear un espazo íntimo para a lembranza dos animais falecidos. O novo cemiterio terá espazos para gardar as furnas dos animais incinerados, xunto cunha zona para gardar a chapa ou a cadea do animal. O Goberno de Lugo investirá 141.570 euros nesta actuación, que se realizará priorizando o uso de materiais naturais e usará deseños respectuosos coa contorna, e contará cunha capacidade inicial

de 320 mascotas en columbarios individuais para furnas, xunto cun espazo onde depositar cinzas. O novo cemiterio de mascotas contará con zonas de sombra ao plantar 19 árbores en toda a contorna, e contará con bancos, mentres que os espazos de paseo da contorna estarán decorados con pegadas de animais feitas en formigón. Cristina López destacou o traballo realizado nos últimos anos para mellorar o Cemiterio Municipal. “Neste tempo realizamos a primeira ampliación do cemiterio desde o 2006 e melloramos espazos tanto na zona antiga como na nova”, explicou Cristina López, que engadiu “seguimos a planificar traballo para mellorar o Cemiterio Municipal, atendendo tamén ás solicitudes que nos fai chegar a veciñanza”.

de 320 mascotas en columbarios individuais para furnas, xunto cun espazo onde depositar cinzas. O novo cemiterio de mascotas contará con zonas de sombra ao plantar 19 árbores en toda a contorna, e contará con bancos, mentres que os espazos de paseo da contorna estarán decorados con pegadas de animais feitas en formigón. Cristina López destacou o traballo realizado nos últimos anos para mellorar o Cemiterio Municipal. “Neste tempo realizamos a primeira ampliación do cemiterio desde o 2006 e melloramos espazos tanto na zona antiga como na nova”, explicou Cristina López, que engadiu “seguimos a planificar traballo para mellorar o Cemiterio Municipal, atendendo tamén ás solicitudes que nos fai chegar a veciñanza”.

NOVA ESCULTURA. O tenente Alcalde de Lugo, Rubén Arroxó, e a concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza, Cristina López, presentaron unha maqueta da escultura que se instalará no Cemiterio Municipal en lembranza

das persoas represaliadas durante a Guerra Civil e a Ditadura franquista. Segundo explicou Cristina López, “dedicaremos un espazo destacado no cemiterio á memoria, para lembrar a todas aquelas persoas que sufriron por pensar diferente”.

A obra será realizada polo escultor Álvaro de la Vega en granito, un material que, segundo a concelleira, “aportará un importante simbolismo e aumentará o valor patrimonial do cemiterio”. A instalación da escultura está prevista antes de final de ano, asegurando que as familias das vítimas teñan un lugar de recordo para os seus seres queridos, inxustamente asasinados polo franquismo.

Álvaro de la Vega, recoñecido polo seu traballo escultórico, especialmente en madeira, ferro e pedra, será o encargado de crear a obra. A súa traxectoria inclúe influencias primitivas e unha marcada expresividade, características que lle permiten transmitir unha profunda carga simbólica nas súas creacións.

TE AYUDAMOS A CUIDAR TU SALUD

En Verxel Herbolario te ofrecemos tratamientos y productos de alta calidad que contribuyen a mejorar la salud.

El objetivo de los dispositivos Berner es aumentar la restricción de los vasos sanguíneos arteriales precapilares pequeños y muy pequeños. El resultado es una mejor distribución de la sangre en la red capilar.

Berner es una aplicación capaz de ejercer un efecto controlado y específico sobre los vasos sanguíneos o partes del sistema vascular.



El efecto no se consigue con una sustancia química o biológica, sino con un método físico. Berner utiliza un campo magnético pulsado para introducir una configuración de señal especial y patentada en el cuerpo del usuario con el fin de mejorar un riego sanguíneo deficiente de los vasos pequeños y los microvasos. El efecto de los dispositivos BEMER está científicamente probado.

¡Venga a probarlo!

Montero Ríos, 41 27002 - Lugo
Tel.: 982 251 827
josemanuel@verxel.es
www.verxel.es



TU NUEVO LOCAL DE COPAS EN EL CENTRO
RÚA CATEDRAL, 14 - LUGO

Comeza a vacinación contra a gripe

A Xunta puxo en marcha a campaña para facer fronte á gripe, á Covid e ao virus respiratorio sincital. A campaña inclúe como novidade a vacina intranasal fronte á gripe para os nenos e nenas de entre 2 e 5 anos.

Ademais, este ano vacinarase ao persoal dos centros de educación infantil, nos que hai nenos e nenas de ata 5 anos.

Os primeiros en inmunizarse fronte á Covid e a gripe serán as persoas das residencias de maiores e centros de discapacidade, tanto os residentes como os traballadores. O día 7 de outubro comezará a vacinar ás nenas e nenos de 6 a 59 meses, coa aplicación da intranasal a partir dos 24 meses.

As unidades de estranxería pasarán a ser Puntos Violeta

A subdelegada do Goberno en Lugo, Isabel Rodríguez, anunciou xunto á xefa da Unidade contra a Violencia sobre a Muller, María Luisa Castro, que as unidades de Información, Rexistro e Estranxeiría pasarán a ser Puntos Violeta, ampliando a rede de espazos públicos de asesoramento, atención e protección a posibles vítimas de violencia de xénero.

Esta iniciativa comezou coa posta en marcha destes puntos nas oficinas do SEPE na provincia, e agora tamén estará presente no edificio da Subdelegación do Goberno en Lugo co obxectivo de ampliar a rede de protección e seguridade desde as administracións públicas para as mulleres que o precisen. Para iso, o persoal vén de recibir unha formación para a mellor prestación deste servizo.

Isabel Rodríguez destacou que a in-



auguración destes espazos responde a un proceso de mellora progresiva incorporando aos entes públicos, lugares de fácil acceso para a cidadanía. Así mesmo, servirá para facilitar información e materiais sobre como actuar ante un caso de violencia machista a establecementos, entidades, empresas ou organismos públicos.

Nas unidades nas que se implemen-

tará o Punto Violeta atoparanse algúns materiais como guías de información sobre o procedemento de actuación, recursos para as vítimas ou explicacións sobre a detección dos distintos tipos de violencias. A campaña de difusión e concienciación tamén conta con carteis e adhesivos cun código QR vinculado á Guía Punto Violeta.

Preparan unha nova edición do programa de prevención da violencia

O programa socioeducativo de prevención da violencia de xénero da área de Muller e Igualdade do Goberno local está a preparar unha nova edición do Programa Socio Educativo de Prevención da Violencia de Xénero, que coordinan desde o servizo de Igualdade do Concello de Lugo e a Casa da Muller. Será unha nova convocatoria coa que se espera superar o récord de participación do curso pasado, no que colaboraron 19 de 23 centros, entre eles todos os institutos públicos presentes, ademais de dous centros integrados de Formación Profesional e dez colexios.

Este plan socio educativo ten como

finalidade achegar á poboación adolescente novas ferramentas que axuden a potenciar o seu pensamento crítico e reflexivo ante as desigualdades de xénero e, de forma máis concreta, ante as diversas situacións de violencia machista e ante as súas consecuencias. P

Vai dirixido a alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria, 1º, 2º, 3º e 4º da ESO e a FP, e pretende proporcionarlles ferramentas útiles e adaptadas a cada nivel en torno a educación en valores, fomento da intelixencia emocional e á construción dunha identidade non sexista. Unha das actividades que centra este programa é un obradoiro que

se imparte en tres sesións nos que se abordan contidos deseñados a partir das conclusións obtidas nos cuestionarios previos on line que realizan as e os estudantes. O programa inclúe tamén unha asesoría en liña, a través de correo ou de whatsapp; unha asesoría presencial; a organización de xornadas dirixidas ao profesorado e ás familias que así o soliciten; e a instalación de puntos violetas itinerantes para detectar manifestacións sexistas. Así, este ano abordaranse aspectos que están á orde do día como os estereotipos e roles de xénero, os micromachismos, as formas sutís de control e as relacións de parella tóxicas.

Volven os obradoiros infantís ao Mercado

A concelleira de Participación e Servizos para a Veciñanza de Lugo, Cristina López, presentou un novo ciclo de actividades dirixidas a nenas e nenos que se levarán a cabo no Mercado Municipal de Quiroga Ballesteros. Estas iniciativas forman parte dun esforzo continuado do Concello para promover o uso das instalacións da Praza de Abastos entre a veciñanza. Ofertan deste xeito obradoiros de reciclaxe, de creatividade ou de redacción ata o mes de xullo.

Segundo explicou a concelleira,

o obxectivo destas actividades é que as crianzas poidan aprender e divertirse mentres as súas familias realizan as compras no mercado. As sesións, que inclúen obradoiros de reciclaxe, creatividade e cociña, están adaptadas ás distintas idades e terán lugar os sábados pola mañá, entre as 11 e as 14 horas. O programa comezará o 28 de setembro e estenderase ata o 26 de xullo de 2024.

A experiencia previa foi un éxito rotundo, con máis de 600 participantes ao longo do ano.



Enfrontamento na Praza

Lugo Monumental dirixiu a lectura do manifesto no que mostran o seu rexeitamento ás declaracións do Goberno local sobre a limpeza dos sumidoiros da Praza de Abastos e o Mercado. Consideran moi desafortunada a nota na que, como din, “se responsabiliza aos titulares dos postos da Praza e o Mercado pola falta de limpeza dos sumidoiros, cando o seu mantemento e aseo corresponde ao Concello”. Afirmaban no manifesto que con isto dase a entender que os praeiros non teñen en consideración a hixiene e salubridade do edifi-

cio, “cando o principal desvelo é mantelos en perfectas condicións”, facendo valer as inspeccións sanitarias que superan de forma continuada.

Acusan por tanto ao Concello de “ataque infundado” e “dunha temeridade que pode crear alarma entre a poboación”.

Afirmar tamén cada día “endurecen as condicións do traballo e dificultan a supervivencia dos postos” e os acusan dunha “nula colaboración, xa que sistematicamente se opoñen a calquera medida solicitada polos afectados”.



*Clinica dental
Mosquera Otero*







- CIRURÍA DENTAL
- PERIODONCIA
- ODONTOLOGÍA RESTAURADORA
- RADIOLOGÍA 3D
- ESCÁNER INTRAORAL

- ORTODONCIA
- IMPLANTOLÓGIA
- ESTÉTICA DENTAL
- PRÓTESIS
- ODONTOPEDIATRÍA

**Te damos
una razón
PARA SONREIR**

📍 Ronda Valle Inclán 1, Bajo. Lugo

☎ 982.803.132

✉ cdentallugo@gmail.com

🌐 www.mosqueraotero.es

Aumenta en Lugo a reciclaxe de envases lixeiros nun 12 %

Entre xaneiro e agosto de 2024, rexistrouse un incremento do 12 % na reciclaxe de envases lixeiros, o que supón 113 toneladas máis respecto ao mesmo período do ano anterior. Este avance reflicte o éxito das accións do executivo e a implicación da cidadanía na redución do impacto ambiental.

O papel e cartón tamén mostraron unha tendencia positiva, cun aumento de 4.000 quilos, acadando un total de 1.186 toneladas. Este crecemento é un indicador do compromiso dos lucenses co uso eficiente dos recursos e a redución do consumo excesivo de materiais. O edil de Transición Ecolóxica, Miguel Fernández, salientou o compromiso da veciñanza: "A poboación de Lugo está a dar un exemplo de responsabilidade ambiental que vai máis aló dun cambio temporal. O esforzo colectivo está a traducirse nunha cidade máis limpa e nun futuro máis sostible".

Tamén destacou que estas cifras amosan o éxito das campañas de concienciación impulsadas polo Goberno local. Ademais de envases lixeiros e papel, a recollida de aceite vexetal doméstico experimentou un notable aumento do 37%, con 18,45 toneladas recollidas no que vai de ano. Pola súa parte, os residuos téxtiles mantivéronse estables, con 114 toneladas rexistradas, en liña cos datos do ano anterior.

No referente ao contedor marrón, que recolle residuos orgánicos, entre xullo e agosto acumuláronse 4,6 toneladas, cunha media semanal de 511 kg. Estes resultados foron posibles grazas á participación de 450 veciños, que depositan unha media de 1,14 kg de residuos por persoa cada semana. Espérase que estas cifras continúen medrando conforme se instalen os 800 colectores previstos ao longo do ano.

“O importante é buscar a autonomía da persoa con parálise cerebral”

Aspace Lugo, que cumpre 30 anos, atende a máis dunha trintena de usuarios da provincia

Lucía Blanco

Aspace naceu fai 30 anos para dar resposta a unha necesidade específica trala unión dun grupo de nais e pais preocupados polas carencias sanitarias que había na cidade nese momento. "A parálise cerebral é unha discapacidade que contempla moitas necesidades de apoio nalgúns casos moi elevadas, pero iso non impide que poidan levar a cabo o seu proxecto de vida", explica Fernanda Arrojo, presidenta da asociación lucense e membro da xunta directiva da Federación de Aspace Galicia. Ao longo destas tres décadas a entidade foi evolucionando baixo un obxectivo constante: "Buscar sempre a autonomía da persoa". Pouco a pouco, foron incorporando os servizos de orientación, información e asesoramento ás familias; fisioterapia; atención psicolóxica; adaptación á contorna e programas de estimulación sensorial e terapia ocupacional. Neste último caso, céntranse sobre todo na estimulación auditiva e na táctil. "É o que máis notan e tamén cando traballamos a parte de rehabilitación física para alongar o rango de movemento tanto para que o poidan facer de xeito independente como para que as persoas cuidadoras poidan axudarlles mellor", conta Aida Couso, terapeuta ocupacional.

"Moitas persoas con parálise cerebral non teñen capacidade de comunicarse oralmente", lembra Fernanda, polo que iso supón un dos maiores obstáculos. Dende o colectivo apostan por identificar as capacidades de cada usuario e así establecer o sistema de comunicación aumentativa /alternativa máis axe-

tado. "É por onde se empeza, para que eles mesmos poidan defender os seus propios dereitos como persoas", engade Laura Ferreira, traballadora social da entidade que suma 34 socios que van dende os 7 ata os 89 anos.

Para os máis pequenos, dende as mesas ata a propia maneira de acceder aos materiais poden supoñerlles toda unha serie de atrancos nos centros educativos. "Hai casos de déficits visuais co que a lectura tamén se dificulta e nos que se emprega un ordenador entre outras cousas. Aquí temos ratos e teclados adaptados que non se encontran nos colexios. Nós falamos coas familias e preguntámoslles como lles vai e facemos adaptacións de instrumentos ou de libros, por exemplo", detalla Aida.

Xeralmente, avogan porque o neno con parálise vaia á escola e que teña unha educación normalizada no ensino ordinario. "Porén, aquí hai casos con graves afectacións e teñen que ir a un centro de educación especial porque somos conscientes de que a escola ordinaria non pode responder a esas grandes necesidades de apoio, aínda que a lei o contemple. Ademais está o feito de que en Galicia ás persoas cuidadoras non se lles esixe unha formación adecuada", sinala Arrojo. Por iso, acadar o nivel académico axeitado para acceder ao mercado laboral hoxe en día é moi difícil, pero non imposible, xa que hai persoas integradas laboralmente e outras en proceso de opositar.

"Outro dos hándicaps é que aos 21 anos acaban o colexio de educación especial, entón existe unha falta de recursos a partir dese momento",



conta Laura. De aí xorde precisamente a necesidade de crear un centro de atención integral para a parálise cerebral que sirva como referencia na provincia de Lugo. "A algúns non lles compensa vir á cidade por unha hora, aínda que precisan os nosos servizos, e moitos rapaces teñen que marchar fóra da provincia. Unha das nosas usuarias tivo que irse a Coruña e dous están na casa en busca do mellor recurso que poida cubrir as súas necesidades mentres estamos realizando as xestións coa Administración autonómica para darlles a mellor resposta".

RECURSOS E OCIO INCLUSIVO. Precísanse máis recursos tamén de cara á terceira idade. "Antes as persoas con parálise cerebral falecían a unha corta idade. A medida que a ciencia, a medicina, os cuidados e os servizos foron evolucionando, sobrevivimos e podemos chegar a unha idade avanzada, pero non temos os apoios

suficientes", argumenta a presidenta. Explica que como dependente recibe unha prestación que lle permite dispoñer dun profesional de asistencia persoal para levar a cabo unha vida autónoma, axuda coa que deixará de contar cando alcance a idade de xubilación.

Fomentar un programa de actividades de ocio inclusivo mantense como outra das liñas de traballo de Aspace Lugo, que se integra na Federación galega e na Confederación a nivel nacional. "Non estamos a falar simplemente dun entorno sen barreiras, senón que supón un tempo de disfrute, o que lle gustaría facer a esa persoa nos seus ratos libres", di Ferreira. Nos espazos libres de barreiras arquitectónicas tamén entran en xogo as de tipo comunicativo como a ausencia de pictogramas e información de lectura fácil ou a existencia dunha sinalización luminosa ou sonora demasiado esaxerada que poida ocasionar molestias.

"Intentamos que os nosos asociados gocen de todas as actividades que hai en Lugo como o San Froilán ou o Arde Lucus. Pero temos algún neno moi sensible aos ruídos, entón buscamos unha franxa horaria na que poidan disfrutar das festas sen estar molestos polo ambiente", destaca a presidenta. Traballar pola igualdade de oportunidades, dende un enfoque social de dereitos no que a propia persoa tome decisións sobre a súa vida, e seguir dando pasos na visibilidade dunha realidade aínda descoñecida van a seguir marcando a súa folla de ruta. "Estamos nesa loita. Temos que cambiar a percepción que ten a sociedade da persoa con parálise cerebral. Moitas veces, como temos dificultades para falar, asóciase coa discapacidade psíquica e non é certo. Só o 50 % de persoas con parálise cerebral teñen un déficit cognitivo, os demais non o temos".

EN BOAS MANS
CENTRO DE FISIOTERAPIA

SE ATIENDEN ACCIDENTADOS DE TRÁFICO

FISIOTERAPIA
Deportiva
Neurolóxica
Traumatolóxica
Drenaxe Linfático
E.P.I. / EPTE

TRATAMIENTOS
Accidentes de tráfico
Lesións Deportivas
Neurológico
Traumatolóxico
Ondas de Choque
Radiofrecuencia
Game Ready
Sistema SIS

Miguel de Cervantes, 38 baixo - 27003 Lugo. 962 809 038 / 678 855 342

www.boasmans.com
info@boasmans.com

OBRAS Y REFORMAS
JATO

Albañilería • Pladur • Pintura • Fontanería
Restauracións • Acondicionamentos
Mantenimentos • Colocación Tarima Flotante

obrasyreformasjato@gmail.com
641 082 106

A Fundación Rof Codina celebra as súas tres décadas de historia

A Fundación Rof Codina deu os seus primeiros pasos no ano 1994 coa vontade de que o estudantado da USC obtivese as ensinanzas prácticas necesarias no marco dos estudos veterinarios. Ao seu abeiro e tan só un ano máis tarde, botaba a andar o Hospital Veterinario, esencial dende entón para entender o grao en Veterinaria do Campus de Lugo. Tres décadas despois, a Fundación conmemora o seu 30 aniversario coa imposición das súas primeiras insignias de honra a dúas das figuras máis emblemáticas da súa historia: José Luis Pereira Espinel, quen ocupou o cargo de director veterinario do centro entre 1995 e o seu pasamento en 2006, e Luis F. de la Cruz Palomino, xerente do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina entre 1998 e 2022. O reitor Antonio López, en calidade de presidente do padroado da Fundación Rof Codina, presidiu o acto de

imposición das insignias a M^a Dolores Plata, viúva de José Luis Pereira Espinel, profesor que tamén formou parte do Departamento de Ciencias Clínicas Veterinarias do Campus de Lugo como docente nas materias de Medicina e cirurxía clínica, Traumatoloxía e ortopedia veterinaria e Oftalmoloxía veterinaria; e ao propio Luis F. de la Cruz Palomino, na actualidade profesor emérito ad honorem de Fisioloxía da USC. Acompañaron ao reitor no acto de entrega, Pilar Martínez García, secretaria do Padroado da Fundación Rof Codina; Paula Alvarellos Fondo, alcaldesa; José Tomé Roca, presidente da Deputación; e José Alberto Díez de Castro, secretario xeral de Universidades da Xunta. O reitor lembrou que a Fundación Rof Codina é froito da suma de esforzos entre USC, Xunta de Galicia, Deputación e Concello de Lugo, "en-

tidades que ao longo destes trinta anos foron o soporte financeiro, e tamén o non financeiro, pois cómpre destacar a boa sintonía e colaboración que houbo sempre entre as persoas integrantes do padroado para conseguir que a Fundación alcanzase os obxectivos e fins para os que foi creada", sinalou. Nestes 30 anos de historia da Fundación foron moitos os fitos salientables. Xa nun primeiro momento se viu a necesidade de fomentar e regular as relacións entre a comunidade universitaria e este centro, motivo polo cal se asinou en 1997 o primeiro convenio de colaboración entre a USC e a Fundación. En 1998 comeza unha nova etapa na Facultade de Veterinaria e, por extensión, no hospital, co inicio do proceso para conseguir a homologación da European Association of Establishments for Veterinary (EAEVE).

Abren o curso con máis de 3.500 prazas nas piscinas de Frigsa e As Pedreiras

O Concello pon á disposición da veciñanza máis de 3.500 prazas para as actividades de natación e exercicio nas piscinas municipais de Frigsa e As Pedreiras para o curso 2024/2025. A oferta inclúe cursos trimestrais para crianzas, adultos e persoas maiores de 65 anos. Actualmente, xa hai 210 nenos e nenas participando nos cursos intensivos, e as prazas dos cursos trimestrais que comezarán en outubro están case completamente cubertas, evidenciando o interese da cidadanía por estas actividades. O Concello mantén as taxas conexas un ano máis, favorecendo a

accesibilidade. Os prezos sitúanse en 18,40 euros mensuais para crianzas e 22,90 euros para adultos. O concelleiro de Deportes, Jorge Bustos, destacou o esforzo do equipo municipal por manter prezos accesibles e facer das instalacións deportivas un servizo ao alcance de todos. As actividades desenvolveranse en tres períodos ao longo do curso: de outubro a decembro, de xaneiro a marzo, e de abril a xuño. Ofertaranse 408 prazas para crianzas e 582 para adultos en cada trimestre, con clases que abranguen desde aprendizaxe básica ata perfecciona-

mento, ademais de cursos específicos como natación con aletas e natación para embarazadas. As clases celebraranse en horarios flexibles, luns e mércores ou martes e xoves, tanto en Frigsa como en As Pedreiras. Para aquelas persoas que non puideran matricularse na primeira fase, abrirase unha nova oportunidade o 17 e 18 de outubro, cando se liberarán as prazas dispoñibles. A programación tamén inclúe actividades específicas para maiores de 65 anos, combinando dous días de ximnasia de mantemento e un día de natación á semana.

EN BREVE



XUÍZA. A actual xuíza decana de Lugo, Olalla Díaz Sánchez, foi elixida de novo para o cargo, por unanimidade, na Xunta Xeral de Xuíces. A maxistrada, que foi a única candidata, afronta o seu segundo mandato co propósito de "seguir representado, da mellor forma posible," aos seus compañeiros e compañeiras, "velando polos seus dereitos e intereses profesionais".



RAIOLAS. Lugo conta xa co primeiro centro de día da provincia de Lugo que atenderá a persoas con Trastornos do Espectro Autista (TEA) ou Trastornos de Comunicación Social, así como ás súas familias. Este espazo foi cedido e acondicionado pola institución provincial para Raiolas. O centro leva en funcionamento uns meses e conta con dúas aulas, cociña, comedor e un pequeno horto situado na zona exterior.



MURAI. O goberno local de Lugo concluíu con éxito unha iniciativa de arte urbana destinada a revitalizar espazos de lecer xuvenil na cidade. A través da Área de Xuventude, máis de 15 mozos e mozas de entre 14 e 35 anos participaron nun proxecto de pintura mural que se desenvolveu durante o mes de xullo. Os traballos centráronse no acondicionamento de dous muros situados na Praza Viana do Castelo e na Casa Clara Campoamor.

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en uralitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO SERVICIO: PLANTA DE HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694
629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com

O Concello convoca as axudas para as anpas dos centros educativos

A Área de Educación do Concello de Lugo vén de publicar a solicitude de subvención dirixida a asociacións de Nais e Pais de Alumnos/as de centros sostidos con fondos públicos do Concello de Lugo para a realización de actuacións en materia de participación educativa.

A concelleira Maite Ferreiro explicou co quen esta axuda “buscamos fomentar as actividades que impliquen a participación das familias no sistema educativo, mellorando a formación e coñecemento deste e axudando, colaborando na creación de comunidades educativas”.

Dende a Concellería de Educación do Concello de Lugo, considérase que a participación das familias na educación é un factor fundamental para conseguir o éxito educativo.

“É preciso apoiar dende as institucións esta participación dentro do ámbito das competencias que ten cada Administración, motivo polo que poñemos en marcha unha liña de subvencións para as asociacións de nais e pais”. Hai que ter en conta, explica Ferreiro, “que o Concello de Lugo, co fin de axudar á conciliación da vida laboral e familiar, está xa a prestar un servizo de actividades extraescolares, polo que o obxecto desta subvención ás ANPAS é distinto, e non poderá ir dirixido á realización destas actividades”.

O gasto inicial será de 10.000 euros, e de ata 2.000 euros por cada asociación para actuacións en materia de participación educativa, sen superar o 90% do custe de actuación.

A actualización das taxas afectará aos recibos do IBI e da auga

O Concello avanzou que este ano se modificarán seis ordenanzas: a Fiscal Xeral; o Imposto de Bens Inmóveis; as reguladoras das taxas polo Servizo Municipal de Subministración de Auga Potable a Domicilio e pola prestación do Servizo de Rede Sumidoiros, Saneamento e Depuración de Augas Residuais; a que rexe a prestación de Servizos Urbanísticos e, finalmente, a reguladora do Imposto sobre o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana. Só algunhas delas experimentarán unha actualización de tarifas.

A Ordenanza Fiscal Xeral é a que sofre un maior número de cambios, de pequeno calado case todos.

Na ordenanza reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, o novo texto pasará a recoller o suposto da existencia de parellas separadas dentro das bonificacións fiscais a familias numerosas, indicando o procedemento e requisitos para solicitar

a rebaixa.

E tamén se introduce un incremento dos tipos do 10% para compensar que os valores catastrais de Lugo parten dunha ponencia de valores do ano 1998. “O feito de que este importe estea tan desfasado condiona a fiscalidade municipal, en tanto obriga a elevar os gravames locais para adecuar o importe do tributo á realidade”, advertiu a alcaldesa.

O Concello aplicará unha pequena suba que elevará nun 0’07 o tipo que repercute sobre os bens de natureza urbana e nun 0’20 o tipo dos de natureza rústica que, neste último caso, estiveron sempre no tipo mínimo básico establecido por lei.

Así, o IBI dunha vivenda tipo en Lugo cuxo valor catastral sexa de 23.545 euros que pagaba 157’75 € pasará a ser de 174’23 € (16’48 € máis), ou noutra de 34.000 euros de valor catastral pola que agora se abonaba 233’90 euros ao ano, o IBI será a

partir do vindeiro ano de 258’34 €, é dicir 24’44€ máis, segundo os exemplos facilitados pola propia rexedora quen cuantificou este pequeno aumento nun crecemento de case dous millóns e medio de euros (2.327.258 euros) na recadación anual do imposto. “Cartos que logo poderemos destinar á mellora de equipamentos e da atención asistencial, ampliando as prestacións existentes ou creando outras novas”, engadiu.

As ordenanzas reguladoras das taxas polo Servizo Municipal de Subministración de Auga Potable a Domicilio e pola prestación do Servizo de Rede Sumidoiros, Saneamento e Depuración de Augas Residuais presentan unha única modificación: a actualización de custos para axustalas ao IPC. Este variou entre xullo de 2012 e xullo de 2024 nun 25’4 % mentres que o Concello só repercutirá á contraprestación destes servizos unha suba do 25%.

CEI-NODUS



Hostaleiros interesados na cafetería do Centro de Empresas e Innovación (CEI-Nodus) visitaron as instalacións. Fixérono durante a xornada de portas abertas, na que participaron catro emprendedores. O Concello retomou o proceso de adxudicación desta dotación municipal ofrecendo unhas condicións máis vantaxosas para facer máis atractiva a concesión.

Máis de 114 millóns de euros do orzamento están xa investidos

O Concello de Lugo executou en 2023 o 90’49% do gasto comprometido para ese ano. En total 114.225.319 euros, superando así as cifras de 2022 que se situaron nos 107 millóns de euros.

Este incremento viuse acompañado tamén dun esforzo similar realizado tanto no investimento como no gasto por habitante xa que durante o pasado exercicio, o Executivo municipal elevou en máis dun 6 % estes dous parámetros alcanzando os 178’20 euros e 1.163 euros, respectivamente.

“Unha suba que demostra a vontade do equipo de Goberno por manter os servizos e prestacións públicas en altos estándares de calidade pero tamén por apostar polo

crecemento e implantación de novas dotacións e infraestruturas que redunden na humanización da cidade, baixo criterios de perspectiva de xénero, inclusión e sostibilidade”, afirmou a alcaldesa Paula Alvarellos en alusión a proxectos que concluíron ou iniciaron a súa materialización ese ano como a rexeneración do Carme, a musealización da Cloaca, a finalización do Coliving ou a peonalización do Centro Histórico, así como diferentes melloras acometidas nos parques da capital que se licitaron nese período “e cos que se persegue incidir en positivo na calidade de vida do conxunto da poboación”.

Igualmente, Alvarellos Fondo achegou outro dos datos máis sinalados

que reflicte a Conta Xeral como é o pago a provedores e fixo fincapé no feito de que a área de Tesourería tramitara e liquidara durante o 2023 un total 5.604 facturas por importe de 74 millóns de euros, case 8 millóns máis que o ano anterior.

Xa en canto a recadación, a mandataria lucense explicou que o pasado exercicio arroxou un saldo de 99.723.230 € en dereitos recoñecidos cun axuste do 84’5% sobre a previsión de recadación efectuada. E deu conta dalgunhas das cifras máis significativas do epígrafe impositivo das que forman parte tanto os impostos directos e indirectos, como as taxas e prezos públicos, as transferencias correntes e de capital ou os ingresos patrimoniais.

UNED e CEL buscan un acordo de colaboración

Ana Belén Traseira Pena, directora da UNED, mantivo unha reunión na sede da universidade con Jaime López, presidente da CEL. O encontro tivo como obxectivo explorar posibles vías de colaboración entre ámbalas dúas institucións, con miras á firma dun futuro convenio que permita aproveitar as sinerxias entre a educación superior e o tecido empresarial da provincia.



TEMPADA DO
COCIDO

DA FONSAGRADA

OS MELLORES
PRODUCTOS
DA FONSAGRADA

Lacón, Cachola,
Soá, Butelo, Grelas,
Chorizos, Garavanzos
e Patacas

Lubre
mesón - viñoteca



III FAI XA
A TOA RESERVA IIII
982 22 78 02

“O noso valor engadido é o forno de brasa e os produtos frescos”

O polo, o aguacate á brasa e as arepas son os pratos estrela no restaurante O Galo, que tamén terá polbo durante as festas de San Froilán

Lucía Blanco

En pleno corazón de Recatelo, o restaurante O Galo ofrece unha proposta gastronómica única en Lugo, que rompe con toda a oferta da cidade. A súa carta informal, composta por unha ducia de pratos, mestúrase cunha variedade de cervexas tanto nacionais como internacionais. “A idea é que cando comeza unha nova tempada toquemos 2 ou 3 produtos. Agora que vén o outono metemos algunha proposta con setas ou alcachofas”, conta Ángel Fernández, o propietario.

O seu distintivo é o forno de brasa. “Aínda que non todas as elaboracións pasan pola brasa metemos ese valor engadido. E logo temos cinco pratos que son a insignia da casa e que os clientes, sobre todo os fixos, nos demandan sempre”. Destacan o aguacate con queixo do Cebreiro e tamén a berenxena á brasa que acompañan con burrata, améndoas tostadas e un toque de aceite de trufa; a ensaladilla e as arepas, que arrasan.

“É certo que son da cociña latina pero traémolas ao que é Galicia. Temos as de Ropa Vieja, nas que utilizamos un corte da falta da tenreira galega que guisamos e acompañamos con queixo e logo as de Reina Pepiada que levan polo, aguacate e maionesa co noso toque”. E, como prato estela, o polo á brasa, que eles mesmos maceran. Tampouco se esquecen das opcións veganas, vexetarianas e para os intolerantes. “Sempre temos uns 2 ou 3 pratos, que tamén se po-

den adaptar para que non leven lácteos. Estamos falando do aguacate, da berenxena, dos calçots ou de arroz con verduras, entre outros. Cada vez demándano máis por exemplo en ceas de grupos”. Guíanse sempre pola estacionalidade. “Intentamos traballar con produto fresco que está 2-3 días en cámara e acudimos cada pouco aos nosos produtores. A partir destes meses, recuperamos o mexillón, ímolo buscar á praza, facémolo á brasa e acompañámolo cunha salsa picante e as fins de semana do San Froilán tamén teremos polbo porque así nolo piden”, asegura Fernández, que leva media vida dedicado ao negocio da hostalaría. Para os que se animen a probar a súa carta dende a casa, o 80 % dos pratos está dispoñible baixo servizo *delivery*.

“As críticas son moi boas. Focalizámonos naquelas opcións que sabemos que chegan ben ao domicilio como a hamburguesa con picaña de tenreira galega, as arepas ou as croquetas”. Ademais, co obxectivo de ampliar a súa oferta e dinamizar o barrio, organizan un par de veces ao mes noites dedicadas aos seus pratos coa colaboración tamén de panaderías ou queixerías locais. “Queremos entre todos propoñer iniciativas que non hai en Lugo. O xoves 12 fixemos a noite do Sándwich de Pastrami e agora, probablemente despois das festas, teremos a Noite das Hamburguesas, que serán, por suposto, artesás, duns 90-100 gramos e pasarán pola parrilla”.



A idea é crear unhas catro propostas, cada unha delas coa súa propia garnición, e intentar acompañalas cun viño ou cervexa diferente “para que proben e nos coñezan”. En xeral, apostan por elaboracións sinxelas “utilizando produto que se adapte ao peto do cliente, buscando un equilibrio, que non sexa un ticket medio elevado” e por escoitar tamén a quen os elixe. “Somos un restaurante e un negocio de barrio, temos moitos clientes que veñen cada semana e repiten”. Así que buscan “o bo trato, que se sintan coma na casa”, conta Ángel, que desfruta o seu traballo de cara ao público sempre pendente das opinións para mellorar e para saber que é o que funciona e o que non”.

Pero máis aló da súa cociña, as instalacións de estilo moderno e industrial nunha rúa en plena peonalización tampouco deixan indiferente a ninguén.

A primeira impresión do local, que

abre de mércores a domingo, protagoniza un gran mural situado na parede da terraza interior. “Ás veces pásanos, que o ven e sacan unha foto. Chama moito a atención”. O ambiente informal acaba por definir o carácter deste restaurante, que cumpre dous anos. “Podes estar escoitando unha música lixeira de fondo e compartindo unha cervexa ou unhas racións cos amigos, porque tamén poñemos os partidos de fútbol e baloncesto”. É difícil gustar a todo o mundo, pero o balance que fan en O Galo é máis que positivo. “Nós queremos captar un tipo de cliente que veña aquí e queira probar pratos distintos e a resposta que temos neste tempo está sendo realmente boa”.

Rúa Isaac Díaz Pardo, 1

982 247 076

Instagram: @galorecatelo

Facebook: Galo Lugo

O PP asesorará no proceso de reclamación do imposto de rodaxe en vehículos agrícolas

O Partido Popular asesorará a propietarios de vehículos agrícolas a reclamar a devolución da rodaxe cobrada.

O goberno local vén de anunciar que “devolverá a rodaxe cobrada aos propietarios de vehículos agrícolas” e co ánimo de facilitar esta tramitación o Partido Popular anuncia que porá a disposición dos afectados un documento tipo para reclamar a súa devolución.

A concelleira Flora Rubinos afirma que “é un despropósito que o goberno local aplique unha tramitación diferente á que facía ata o de agora con este imposto aos donos de tractores, remolques e semirremolques e maquinaria con Cartilla de Inspección e que, diante das súas queixas, agora asegure que devolverá os importes a quen o solicite”.

A popular explicou que “a exención da rodaxe a tractores, remolques, semirremolques e maquinaria provistos de la Cartilla de Inspección Agrícola se recolle no artigo 4º, apartado 1.7 da Ordenanza Municipal Nº 200”.

Tras coñecer que houbo unha nova forma de aplicar a normativa municipal xa que “ata o de agora a exención se aplicaba de oficio” dende o Partido Popular coa intención de apoiar a todos os afectados bríndase a axudar a facer as reclamacións oportunas e tamén a facilitar información para que non se repita nos próximos anos este cobro indebido.

Para calquera consulta os interesados poden achegarse ata as oficinas do Grupo Municipal na Casa do Concello ou no teléfono de atención cidadá gratuito 618 626 902.

Ahorra o nunca!!!

Estrena

hybrid

HIBRIDO

...en LugoMotor!

FORD

FOCUS

HYBRID

por

22.990*

* Consulta condiciones financiación.

Con nuestras NUEVAS AGENDAS no necesitarás trucos para recordar lo importante

Librería Troll

Síguenos en

Praza do Rei, 16 • 27002 LUGO • T./F.: 982 250 500
info@libreriatroll.com • www.libreriatroll.com

O novo auditorio de Magoi abrirá no Nadal

O auditorio de Magoi protagonizou o último pleno municipal, o primeiro deste novo curso político. Na sesión plenaria, os populares volveron a esixir a apertura das instalacións que permanecen pechadas e cuxa construción rematou fai oito anos por parte da Xunta. Neste senso, o Goberno local anunciou que a infraestrutura abrirase ao público no mes de Nadal

“Todo o que foi dotación pagouse coas bonificacións fiscais que se lle deron á Xunta nos edificios da

cidade”, lembrou Paula Alvarellos. A alcaldesa quixo destacar que se lles entregou, hai xa catro anos, “un edificio moi bonito pero nun estado deplorable, cunha execución técnica que lle custou aos lucenses máis de 500.000 euros”.

Este anuncio veu a continuación da campaña posta en marcha polo Partido Popular para reclamar a súa apertura con carteis nas inmediacións da pasarela do Anxo Carro e pola rotonda de Benigno Rivera, no polígono do Ceao.



Veciños de Rof Codina quéixanse das fochancas

Lucía Blanco

Tres grandes fochas, que se mantiveron semanas abertas, convertéronse na tónica habitual para todos aqueles que se acheguen á rúa Rof Codina. As fochancas na vía pública parecen eternas e os veciños, que tamén denuncian varios cortes de auga sen previo aviso, xa están fartos desta situación que dificulta o tránsito tanto para condutores como para viandantes nunha zona con abundante tráfico e por onde tamén pasa o autobús.

“A rúa é unha auténtica vergonza. O seu estado é pésimo, polo asfaltado, as fochancas, a falta de beirarrúas, un paso de peóns sen pintar diante dunha gardería e dun centro de día...”, din. Unha fuga rexistrada no mes de agosto obrigou aos operarios municipais a abrir unha primeira zanja para logo facer outras dúas máis de importantes dimensións na calzada. “O día 15 houbo unha avaría na tubaxe da auga e tiveron que cavar en 3 sitios diferentes a estrada e deixáronos abertos 1 mes medio”. Segundo aseguran, tras as protestas colectivas, tapáronos con terra pero “ao día seguinte, apareceu no mesmo cerco outra vez unha rotura, polo que volveron a abrir un deles, xusto a do paso de peóns onde a gardería”. Polo momento, a imaxe é a mesma:

unha zanja aberta, vallas instaladas na vía para sinalizar as fochas e terra que cubre a beirarrúa dun barrio onde viven moitas familias con nenos e no que se encontra unha gardería, un parque infantil e dous centros de maiores. O caos tamén é diario para os condutores que teñen que sortear as zonas precintadas e autorregular eles mesmo o paso, con especial coidado nun tramo sen beirarrúa polo que camiñar segue sendo unha tarefa case imposible.

O mal tempo acrecenta a problemática, pois coas chuvias fórmanse riadas de barro. “Así as zancas que están tapadas terán máis desnivel aínda e será aínda máis perigoso”, cren. Dende o Goberno local comunicáronlles que a obra de renovación do firme o e asfaltado de toda a rúa está adxudicada, polo que non os taparán con outro material e de forma definitiva ata que se acometan os traballos. Pero o seu calvario non remata aí. Os residentes denunciaron varios cortes de auga, así que urxen de novo ao Concello, concretamente á área socialista sobre a que depende esta actuación, apurar unha solución. “Houbo veciños que estiveron un par de días sen auga e o non avisaron do corte. Así que algúns foron ducharse a ximnasios e a comer fóra”, din.

A Confederación inviste na rehabilitación do Muíño de Olga

José Antonio Quiroga, presidente da Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), Organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, Paula Alvarellos, alcaldesa de Lugo e, Antonio López, reitor da USC visitaron a zona onde se iniciou o movemento de terras para o acceso ao río coa maquinaria adecuada.

O proxecto contempla as obras necesarias no inmoble para ceder o seu uso á Universidade de Santiago de Compostela (USC) e destinalo a actividades de divulgación do Campus Terra e da Universidade en xeral, especialmente as relacionadas coa hidroloxía, xestión de recursos hídricos do río e a súa fauna, flora, construcións ou etnografía.

Con iso dáse cumprimento ao Convenio asinado entre a CHMS e a USC en data 31 de xullo de 2023, no que o organismo se compromete a sufragar tanto a modificación do proxecto construtivo primitivo, como á execución da obra, a súa dirección e vixilancia e a coordinación da Seguridade e Saúde. O investimento total previsto superará os 750.000 euros e o prazo de execución estímase en 7 meses.

Pola súa banda, a alcaldesa agradeceu o compromiso da CHMS coa cidade de Lugo e explicou que “tanto a restauración do caneiro de Acea de Olga como a rehabilitación deste emblemático muíño, son dúas intervencións fundamentais para continuar co traballo que estamos a desenvolver desde o Concello para achegar e potenciar a contor-



na fluvial do Miño entre a cidadanía, mediante actuacións constantes e programadas e para as que é fundamental a colaboración da Confederación Hidrográfica” e engadiu que “tamén debemos agradecer á Universidade de Santiago o papel tan importante que ten, en concreto neste proxecto, para recuperar e poñer en valor esta edificación tan icónica, utilizándoa como un novo centro de divulgación científica e natural, a través do Campus Terra”.

Finalizadas as obras, a USC dotará de contido a esta infraestrutura “hai que lembrar que as Universidades teñen entre as súas funcións, a difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico e social, polo que consideramos que esta cesión terá un uso adecuado de difusión da cultura tradicional, da historia e do valioso patrimonio etnográfico co que conta a nosa Comunidade Autónoma”

concluíu o presidente.

As principais obras proxectadas consisten na eliminación de elementos próximos que constitúen a terraza e as estruturas metálicas adxacentes, para deixar o edificio tal e como se entende que foi construído no seu momento. Tamén se realizarán novas instalacións de electricidade, iluminación, ventilación, fontanería, saneamento e telecomunicacións. Ademais, cambiaranse a carpintería interior e exterior e a cuberta, introducindo elementos que melloren a envolvente.

Por outra banda, procederase á adaptación do interior do edificio para os requirimentos actuais do seu novo uso docente-divulgativo como a insonorización de dependencia principal e a colocación de aseos adaptados.

Melloraranse ademais elementos relacionados co fin de orixe como é a instalación dun muíño fariñeiro e unha miniturbina para a produción de enerxía eléctrica.

Realizan a primeira reparación nun colector sen o uso de gabias

O Concello de Lugo levou a cabo a primeira reparación sen gabia no municipio de Lugo nun colector de saneamento na LU-530. Para a rehabilitación, empregouse un innovador sistema de encamisado continuo, curado con raios ultravioleta. Este método, implementado por Gestagua, permite crear unha nova tubaxe dentro da xa existente, evitando a necesidade de realizar escavacións e destacando pola súa rapidez e eficiencia. Grazas a esta técnica, os traballos completáronse en tan só 4 días, o que reduciu os tempos de execución nun 90 % e minimizou o impacto no tráfico e o ruído nun 80 %.

A alcaldesa, Paula Alvarellos, e o con-

celleiro de Transición Ecolóxica, Miguel Fernández, visitaron a obra para supervisar os resultados. “Este tipo de tecnoloxías son fundamentais para mellorar a nosa infraestrutura sen interferir no día a día dos lucenses”, destacou Alvarellos. “Nunha vía con máis de 10.000 vehículos diarios, poder reducir o tempo de obra e o ruído é unha gran vantaxe. Ademais, este sistema pode contribuír a un aforro nos custos de reparación, o que nos permite optimizar os recursos municipais sen comprometer a calidade.”

A empresa encargada da execución da obra empregou esta tecnoloxía avanzada de curado “in situ” con raios ultravioleta, que non require o

uso de auga nin vapor, destacando tamén pola súa capacidade de reducir as emisións de CO2 en máis dun 20%.

Miguel Fernández, concelleiro de Transición Ecolóxica, subliñou a relevancia deste tipo de innovacións no contexto actual. “O impacto ambiental é un dos nosos principais retos, e esta tecnoloxía permítenos avanzar cara a unha cidade máis sostible, co uso de solucións que reducen o CO2 e melloran a eficiencia das nosas infraestruturas.” Ademais, resaltou a determinación do goberno local: “Estamos comprometidos en converter a Lugo nunha administración pioneira no uso destas ferramentas avanzadas.”

Arranque oficial das obras da Intermodal por parte da Xunta

O conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, Diego Calvo, visitou xunto coa directora xeral de Mobilidade, Judit Fontela, e o delegado territorial da Xunta en Lugo, Javier Arias, as obras da estación de autobuses intermodal de Lugo que comezaron en setembro. O proxecto enmárcase nun convenio asinado o ano pasado entre a Xunta, Adif e o Concello de Lugo por máis de 49 millóns de euros.

O investimento do Goberno galego supera os 13 millóns para a construción da nova estación de autobuses e dun aparcamento subterráneo con 240 prazas, que responden a unha necesidade da estación de ferrocarril e da propia cidade.

En concreto, nove millóns destínanse á nova estación conta cunha superficie de 550 metros cadrados con dous andares -un para usos administrativos e outro para case unha vintena de dársenas- con espazos diáfanos no interior con zonas de atención e servizos ás persoas usuarias e zonas de acceso no exterior. Os 4,7 millóns restantes resérvanse a financiar parte do aparcamento, asumindo máis do 37% do investimento ademais de executar o proxecto redactado por Adif.

Durante a visita, explicou que os traballos iniciados lévanse a cabo en coordinación coas obras da estación ferroviaria. Estas obras da estación de autobuses intermodal de Lugo son financiadas pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional do programa operativo Feder Galicia 2021-2027.

Tras a sinatura da acta de replanteo estanse a levar a cabo actuacións como o cerramento da obra, o despexe e desbroce na zona de actuación e tamén se realizará a demolición dunha nave existente e a



reposición dos servizos afectados. Como explicou Diego Calvo, a Administración autonómica mantén o seu compromiso para dotar Lugo dun gran centro de transporte público, cunhas instalacións modernas e accesibles e cun aparcadoiro subterráneo.

A intermodal de Lugo complétase con outras actuacións que son competencia das demais administracións que forman parte do acordo, isto é, o novo edificio da estación de ferrocarril, que inclúe un novo edificio e un paso inferior e a integración urbana, a construción dun novo paso de cidade, un paso inferior peonil entre o centro urbano e o parque Sagrado Corazón, que conectará ambos os lados das vías vertebrando a cidade. Ademais da colaboración entre administracións na posta en marcha desta infraestrutura, o conselleiro incidíu no deber de traballar xuntos na defensa dun reforzo dos servizos ferroviarios na provincia, debido a que a actual oferta é insuficiente e incapaz de responder ás necesidades de mobilidade dos veciños de Lugo.

Nesta liña, o conselleiro de Presidencia lembrou a reiterada demanda ao Goberno central para crear unha mesa técnica de coordinación coa Xunta para acadar tempos de viaxe competitivos de Lugo con Ourense e

Madrid en alta velocidade. Para iso é preciso -explicou- que o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible avance nas variantes necesarias, ao mesmo tempo, que avanza noutras conexións pendentes coas que mellorar a mobilidade na cidade de Lugo como o remate da autovía Santiago-Lugo ou a reparación da autovía A-6 ao seu paso por Pedrafita do Cebreiro.

Diego Calvo tamén se referiu a licitación a finais de agosto por parte do ministerio do estudo previo para a mellora da conexión ferroviaria Lugo-Santiago e incidíu na necesidade que, a diferenza doutros proxectos, se materialice no tempo comprometido.

O CONCELLO. A rexedora municipal aproveitou a visita de Calvo para pedirlle "celeridade nuns traballos que acumulan meses de atraso, e para poñer unha marcha máis que corrixa a demora na construción da estación de autobuses, que depende da Xunta de Galicia".

Comentou que desde hai meses se está a traballar no desenvolvemento da área intermodal coa construción dese novo paso peonil entre o centro urbano e o parque do Sagrado Corazón, que conectará ámbolos lados da canle ferroviaria.

O PP reclama o arranxo urxente de Fermín Rivera e outras zonas da Ponte

O PP de Lugo mantivo unha reunión coa veciñanza do barrio da Ponte, na que acordaron pedir o arranxo urxente de Fermín Rivera, "un compromiso adquirido polo goberno local".

No caso do barrio da Ponte consideran prioritario que se arranxe a rúa Fermín Rivera, unha vía de 730 metros de lonxitude que parte da intersección coa estrada vella de Santiago e que remata nas proximidades da igrexa de San Lázaro, xunto á pasarela do Miño.

A vía ten un importante nivel de tráfico e tamén é utilizada polos peregrinos que fan o Camiño e está en moi mal estado e faltan beirarrúas.

Na xuntanza que se celebrou no local veciñal trasladaron varias pe-

ticións para mellorar a seguridade viaria do barrio, como bandas reductoras en Pena de Mula (comprometidas polo goberno local en decembro); limpeza da maleza en rotondas que impiden a visibilidade; facer beirarrúas dende o Aniceto ata o Cemiterio de San Froilán e instalación de cámaras para control de tráfico no acceso á Calzada da Ponte.

Os residentes no barrio tamén reclaman unha marquesiña de bus en Álvaro Cunqueiro e a reparación da varanda que hai nesta rúa e que está esnaquizada.

A voceira do Grupo Popular reflexionaba que "a pouca implicación de socialistas e nacionalistas no barrio da Ponte se repite noutras zonas do concello".

APARCAMENTO



Reforzouse a sinalización das prazas reservadas a persoas con mobilidade reducida en 26 puntos de toda a cidade, nas rúas Mazaira, Quiroga, Santo Graal, Curros Enríquez, Santiago, Juan Antonio Moreno Fuentes, Illa Coelleira, Rei don García, San Xillao, Pedro González López, Catasol, Carril das Flores, Monforte, Irmáns Carro, Camiño de Romai, Roberto Novoa Santos, Xenebro, Flor de Toxo, Doutor Xermán Alonso Hortas, ademais de na intervir na rolda das Fontiñas, avenida Anxo López Pérez, rolda da República Arxentina, Castelo de Arriba, Albeiros ou no Polígono das Gándaras.

AGENDA CULTURAL DE GALICIA

Conciertos
Ferias ■ Festivales
Fiestas ■ Infantil
Humor ■ Gastronomía
Teatro ■ Cine...

¡NO DIGAS QUE NO LO SABÍAS!

OCIO EN GALICIA
www.ocioengalicia.com

Arroxo anuncia novos pasos de peóns elevados e melloras en vías

O tenente de alcaldesa do Concello de Lugo, Rubén Arroxo, anunciou os traballos para habilitar catro novos pasos elevados en catro novos puntos da cidade. As novas actuacións realizaranse na Ronda das Fontiñas e nas rúas Mazaira, Curros Enríquez e Afonso X o Sabio, continuando co traballo feito noutros barrios e distintas zonas da cidade, como contornas escolares e puntos conflictivos.

A Tenencia de Alcaldía continúa deste xeito a mellorar a seguridade peonil, xa que se reduce notablemente a velocidade dos vehículos, e garátese unha plataforma física a distinto nivel ca o resto da calzada. En todos os casos, dispoñeranse sinais para avisar ao tráfico dun paso peonil elevado.

No caso da Ronda das Fontiñas 29, disporase un paso de peóns elevado na situación do paso existente; mentres que nas rúas Mazaira 12, Curros Enríquez 11 e Afonso X o Sabio (que foi rematado nos últimos días), se disporá

dun paso de peóns elevado en todo o ancho da calzada.

Por outra banda, na rúa Quiroga e a praza Fonte dos Ranchos estanse a executar as renovacións de asfalto buscando “garantir o bo estado das vías públicas e mellorar a seguridade viaria en toda a cidade”.

O Goberno de Lugo intervirá en todas estas zonas cunha renovación integral do asfalto, construíndo unha nova capa de rodadura para o tráfico rodado baseada en mestura asfáltica en quente, que asegurará o selado do firme ante a acción da auga superficial, ademais da reconstrución do firme en todo o seu espesor, para evitar novos defectos que afecten á capa de rodadura, xunto co pintado de nova sinalización horizontal.

Traballouse tamén na rúa Santo Graal, no treito que une o número 159 desta rúa coa área de servizo, na rúa Salvia, ou avenida Anxo López Pérez.

Comeza a reparación do cubo LXXI e da iluminación da Muralla

A Xunta de Galicia levará a cabo nas próximas semanas un proxecto de reparación e mellora das instalacións de electricidade e iluminación da Muralla de Lugo. Esta actuación ten como obxectivo restaurar os elementos deteriorados, tanto polo uso como por actos vandálicos.

O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, anunciou que a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude adxudicou recentemente o contrato para a renovación da iluminación, cun investimento de 48.200 euros. Entre as tarefas previstas, realizarase a reposición dos cristais rotos, especialmente no tramo que vai entre a Catedral e a porta de San Pedro. Ademais, os parafusos en mal estado serán substituídos por outros de aceiro inoxidable e revisarase a fixación das ancoraxes ao muro do adarve.

A iluminación do adarve está controlada por catro cadros de protección situados en puntos estratéxicos, que foron forzados por persoas alleas á instalación. Para garantir a seguridade, os módulos illantes serán cambiados por modelos actuais, dado que non é posible a reparación completa dos cadros.



Por último, a rede eléctrica, que conecta os cadros coas luminarias a través de canalizacións subterráneas, presentaba perforacións puntuais no illamento debido ao paso do tempo. Todos os elementos defectuosos nas caixas de conexión e nos condutores serán reparados ou substituídos, co fin de asegurar o correcto funcionamento do sistema eléctrico. Esta actuación non só mellorará a iluminación da emblemática muralla, senón que tamén contribuirá á conservación deste importante patrimonio histórico.

Tamén iniciou os traballos de restauración do lenzo interior do cubo LXXI da Muralla de Lugo, entre os xardíns

da Deputación e a Porta Falsa. Esta intervención, xunto coas obras previstas no cubo XVIII, conta cun orzamento de máis de 450.000 euros e un prazo de execución de 12 meses. Os traballos servirán para corrixiar as patoloxías que o lenzo interior do cubo sofre principalmente polas filtracións de auga de escorrenta do adarve, ao tratarse dunha zona con pendente, que podían comprometer a súa estabilidade.

Unha vez que a actuación neste lenzo estea rematada procederase á restauración do cubo XVIII, coa limpeza da pedra e unha escavación arqueolóxica na zona do adarve, entre outros traballos.



Alegan falta de seguridade na contorna dalgún colexio

O PP denuncia a falta de interese do Goberno local en temas de seguridade vial. Un exemplo desta situación témolo na contorna do Colexio das Gándaras onde a veciñanza e o Grupo Popular leva anos reclamando unha beirarrúa nunha marxe da rúa Virxe da Soidade para evitar que o alumnado que vai a pé ao colexio poida camiñar con seguridade.

Precisamente esta foi unha petición que volveron a reiterar os veciños na reunión que mantivemos hai uns días no barrio dentro do programa de traballo de #EscoitaActiva que desenvolve o equipo popular. Dende o PP levamos anos solicitando esta intervención “o Concello manifestou en varias ocasións que dis-

pón dun proxecto de urbanización de unha das marxes da rúa Virxe da Soidade e dotala dunha beirarrúa segura para o tránsito de peóns, pero de pouco vale que exista se está gardado un caixón”.

Dado a pasividade de PSOE e BNG presentaremos unha iniciativa no pleno para que se leve a cabo esta obra priorizando a seguridade vial en zonas escolares.

Javier Vázquez indicaba que “a falta de traballo e de previsión tamén se evidenciaba estes días na decisión que adoptou o goberno local de asfaltar rúas próximas aos colexios xusto un día antes do inicio do curso escolar en lugar de ter aproveitado o verán para facer estes traballos”.



Lugo Monumental denuncia a paralización das obras no centro

A Asociación Lugo Monumental manifestou a súa preocupación pola paralización das obras que van desde a porta Obispo Odoario ata a Praza do Ferrol, así como a reforma de Montevideo, Bolaño Rivadeneira, e tramos de Amor Meilán e Quiroga Ballesteros. Aseguran que xa non hai ningún traballador na zona e, segundo fontes, toda a maquinaria foi retirada a finais da semana pasada, agás unha pequena pala.

O colectivo asegura que tentaron en varias ocasións obter información do Concello sobre o avance dos traballos, pero non recibiu resposta. Esta obra, que debería estar completada o 11 de febreiro, recibiu múltiples

prórrogas por parte do Goberno Local, sendo a última extensión fixada para o 5 de novembro. Ante esta situación, Lugo Monumental esixe aclaracións sobre o estado real das obras e os prazos estimados.

“É obvio que o baixísimo ritmo de traballo deu un paso atrás xa que agora non é que haxa un traballo lento, é que non hai ninguén traballando”, indican. A asociación enviou un escrito ao Concello para solicitar explicacións e propoñer a creación dun calendario realista que permita salvar a campaña de Nadal, suxerindo a posibilidade de realizar traballos alternativos entre o ponte de decembro e o Día de Reis.

Unha comisión supervisará as obras de rehabilitación do IES Lucus Augusti

Púxose en marcha unha comisión de seguimento que se reunirá de xeito periódico para informar do avance das obras que se están a executar no IES Lucus Augusti. Arias explicou ademais que, ante o inicio do curso e mantendo ese afán de transparencia, se vén de convocar unha reunión coa comunidade educativa do centro co fin de presentarles o cronograma das obras e resolver as súas posibles dúbidas.

O delegado territorial lembrou a importancia desta obra, que conta cun investimento de 3,3 millóns de euros e está previsto que finalice a finais de marzo do ano 2025. Segundo os técnicos, a intervención poderá desenvolverse no interior do centro sen afectar á actividade lectiva.

A rehabilitación do IES Lucus Augusti inclúe a demolición de certos elementos, a renovación da carpintería exterior, melloras no illamento, e a instalación dunha caldeira de enerxía renovable que dará servizo a todo o edificio. Ademais actualizaranse todos os espazos educativos con novas conexións dixitais e eléctricas. A intervención principal será a recuperación da semicúpula do auditorio.

O PP reclama o mantemento urxente do Centrad

O Centro de Artesanía de Lugo atópase nun estado preocupante debido á falta de mantemento por parte da Deputación provincial, segundo denunciou o voceiro do Partido Popular. Antonio Ameijide asegura que a situación do edificio é tan crítica que “coa chegada das choivas, a auga entra no interior coa mesma intensidade que no exterior”. Esta situación está a pór en risco a seguridade dos traballadores e a preservación das pezas históricas e culturais que alí se gardan.

Ameijide urxe a que se tomen medidas inmediatas para resolver as numerosas deficiencias do edificio, como as goteiras que obrigaron a colocar cubos nos corredores, as humidades que afectan a saúde dos traballadores e os desprendementos do teito, que representan un perigo para quen pase polas zonas afectadas. O voceiro popular tamén criticou a política de mantemento do goberno provincial.

O Pazo dos Deportes estrea un novo equipamento de son

O Pazo dos Deportes de Lugo estrea un novo sistema de son co inicio das ligas de baloncesto. Operarios da empresa Luz&Son instalaron os novos equipos, suspendidos na estrutura do edificio, que substitúen os antigos altosfalantes situados nas inmediacións da pista, mellorando así a sonoridade e liberando espazo para o persoal técnico e de prensa durante as retransmisións dos partidos.

O vicepresidente da Deputación de Lugo, Efrén Castro, destacou que “esta renovación responde a un requerimento da ACB ao CB Breogán para o inicio da temporada”, e enmarca esta mellora na actualización xeral das instalacións do Pazo. Ademais do novo sistema de son, durante o verán realizáronse outras actuacións como o pulido da pista, a substitución de luminarias e proxectores, e a mellora da accesibilidade para persoas con mobilidade redu-



cida. Tamén se está a estudar a instalación dun videomarcador central, pendente de viabilidade técnica.

Avanzan, así mesmo, as obras de construción dos novos vestiarios para os equipos de base que xogan e adestran no Anexo do Pazo. Con un investimento de 236.000 euros, os traballos acondicionarán un espazo de 121 metros cadrados na planta

baixa, con aseos e vestiarios femininos e masculinos. A intervención inclúe a apertura dunha nova porta na fachada para garantir o acceso independente a cada un dos vestiarios. Estas melloras buscan modernizar as instalacións e adecuarse ás esixencias deportivas actuais, garantindo maior confort e funcionalidade para xogadores e público.

Comerciantes da Milagrosa piden que se remate a obra de Ángel Colocci

Desde a Asociación de Veciños, Comerciantes e Industriais Distrito da Milagrosa, “facéndonos eco de diversas queixas veciñais, motivadas pola situación actual da rúa Ángel Colocci na súa intersección coa rúa Lavandeiras, tras a interrupción (repentina e sen explicación á cidadanía) das obras alí iniciadas e incompletas, dirixímonos aos responsables da Concellería de Mobilidade e Infraestruturas do Concello de Lugo”. Segundo explican na actualidade e co inicio do novo curso escolar, é moi elevado o número de menores que diariamente cruzan esta rúa, cuxo paso de peóns é xa inoperativo, e fano, por tanto, correndo un grave risco de seguridade viaria.

“A teor de todo o exposto, desde a asociación solicitamos á Concellería de Mobilidade e Infraestruturas do Concello de Lugo que finalice a obra iniciada, o máis axiña posible”, din.

Impulsan unha zona verde entre os parques do Rato e do Miño

A alcaldesa de Lugo, Paula Alvarellos, e o presidente da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, José Antonio Quiroga, anunciaron un proxecto para unir os parques do Rato e do Miño, creando unha nova zona verde paralela ao río. Esta actuación levarase a cabo grazas á colaboración entre o Concello e a CHMS, que formalizarán un convenio para executar a obra.

Segundo explicou Alvarellos, o Concello cederá os terreos necesarios e a Confederación será a encargada da redacción e execución do proxecto,

que posteriormente será transferido á administración local para o seu mantemento. A alcaldesa destacou que este proxecto permitirá mellorar a conectividade e culminar o “cinto verde” da cidade, acondicionando un dos espazos de lecer máis valorados pola cidadanía. “É unha gran noticia para Lugo e un dos nosos obxectivos de goberno”, subliñou.

Pola súa parte, Quiroga salientou a importancia de poñer en valor a contorna fluvial da cidade, permitindo que os lucenses gocen deste espazo mentres se promove a súa

conservación. O proxecto suporá un investimento duns 200.000 euros e incluírá, entre outras actuacións, a creación dunha nova senda de 600 metros paralela ao río e melloras na biodiversidade e na protección ambiental da zona.

Esta nova senda permitirá conectar os parques do Rato e do Miño, completando un itinerario de máis de 30 quilómetros de rutas que percorren a contorna natural de Lugo, o que suporá unha mellora significativa na mobilidade periurbana e no disfrute dos espazos naturais da cidade.

SANTA MARÍA



Lugo estrea novas prazas de aparcamento gratuítas coa posta en marcha do aparcadoiro no Fogar de Santa María, un proxecto no que a Deputación Provincial investiu 465.000 euros. Esta nova infraestrutura ofrece un total de 164 prazas de estacionamento, das cales 33 estarán reservadas para persoal autorizado, como traballadores da Deputación e da Policía Nacional, mentres que as restantes 131 estarán dispoñibles para a veciñanza.

estudios refer

FORMACIÓN PROFESIONAL PARA LA INSERCIÓN LABORAL

Titulaciones oficiales para el empleo

MEJORA TU EMPLEABILIDAD

Estudios muy demandados que garantizan la estabilidad y seguridad laboral

ADMINISTRACIÓN
MARKETING
INFORMÁTICA

OBRA CIVIL
FABRICACIÓN
MECÁNICA
LOGÍSTICA

SOCIOCULTURAL
TURISMO
AUTOMATIZACIÓN

Estudios Rafer pone en marcha un Programa de Formación dirigido a desempleados y trabajadores. Este programa se encuentra dentro del Plan formativo para el empleo de Galicia. Formate con nosotros

- CERTIFICADOS PROFESIONALES
- TITULACIONES OFICIALES PARA LA ESTABILIDAD LABORAL
- 100% GRATUITOS

www.estudiosrafer.es

formacion@estudiosrafer.es

666 483 504 / 982 22 26 49

DIGALICIA Transformación Digital

PROGRAMA GRATUITO DE FORMACIÓN EN TRANSFORMACIÓN DIGITAL

INSCRIBETE

DIGALICIA DIRECTIVOS
672 063 331

DIGALICIA AGENTES DEL CAMBIO
662 95 67 15

ENCUÉNTRANOS EN LUGO
RÚA PENA DO REL 4, BAJO,
27002 LUGO

DIGALICIA.ES

O Concello suspende a Feira de Gando debido á propagación da EHE

O Concello de Friol decidiu suspender a edición número doce da súa feira de gando vacún de carne, que este ano se celebraría o sábado día 28 de setembro debido a propagación da enfermidade EHE.

Esta decisión tómasse por parte do Concello con sentido da responsabilidade e seguindo os consellos dos técnicos sanitarios que aconsella non realizar este tipo de eventos, no que se aglutinan grandes cantidades de animais, debido ao incremento de casos da EHE (Enfermidade Hemorráxica Epizootica) na zona de afección do municipio e en toda a comunidade galega.

Con esta medida téntase evitar, ou polo menos axudar a frear, a propagación da enfermidade entre as gandaría asistentes ao evento.

O Concello e Friol e os servizos veterinarios xa tiñan todas as gandaría inscritas, un total de trece, con case 170 cabezas participantes, das cales dez serían para a poxa, que un ano máis se ía celebrar nesta Feira.

Ademais, como novidade en esta edición, ía expoñerse unha mostra de gando autóctono, en total habería unhas dez cabezas. A pesar de ter todo organizado, desde o ente organizador optan por cancelala e non correr riscos innecesarios nun momento tan delicado como o que se está vivindo nas explotacións galegas.

O alcalde de Friol, José Ángel Santos, resalta que “a gandería dedicada a produción de carne, é un dos sectores máis importantes do noso municipio, no que a parte de axudar ao seu impulso, debemos de protexelo e coidalo, polo que a celebración desta feira de gando vacún de carne sería moi importante para o sector en particular e para o pobo en xeral, pero nestes momentos, dada a situación actual parécenos máis importante ser cautos e coherentes, tentando limitar así, na medida das nosas posibilidades o aumento da incidencia e a expansión da EHE”.

Invisten preto de 224.000 euros para mellorar os camiños rurais

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, mantivo unha reunión de traballo co alcalde de Friol, José Ángel Santos. Na xuntanza, celebrada na Delegación da Xunta en Lugo, abordáronse diversos asuntos de interese para o agro deste concello, en particular as diferentes axudas aprobadas pola Consellería para mellorar as súas infraestruturas rurais.

Así, a titular de Medio Rural puxo en valor a achega de preto de 224.000 euros en total por parte do seu departamento para varias intervencións en Friol ao abeiro do Plan Marco de Mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas para o período 2024-2025 e tamén do Plan de rehabilitación de camiños de zonas de concentración ou reestruturación parcelaria 2023-2024, unha nova liña de axudas publicada este ano.

No primeiro caso, do Plan Marco, Friol beneficiarase dunha axuda que supera os 93.000 euros. A finalidade destas achegas é facilitar a ampliación, mellora ou mantemento dos



camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas, incluíndo actuacións que supoñan un incremento da largura da vía, o reforzo do firme e terrapléns ou a limpeza das marxes. Con respecto aos camiños das parcelarias, Friol recibiu en total case 131.000 euros. Este municipio lugués é un dos 38 concellos galegos que cumprían como requisitos ter dentro dos seus límites zonas de reestruturación ou concentración parcelaria rematadas, conter un mínimo de 10 quilómetros de camiños

nelas e unha porcentaxe do uso da terra superior ao 39 %.

Ademais de abordar estas cuestións, a conselleira e o rexedor trataron tamén temas relacionados coa mobilización de terras neste concello, que destaca como referente en Galicia no eido das permutas de especial interese agrario, unha figura enmarcada dentro da Lei de recuperación da terra agraria. Así, por medio desta ferramenta lévanse xa mobilizadas arredor de 300 hectáreas no seu termo municipal.

EN BREVE



ANDAINA. Friol acolleu unha nova edición da Andaina Popular, que se adiantou ao mes de setembro e que estivo protagonizada pola chuvia, que restou algo de público. Trátase dunha actividade impulsada polo Concello e o CPI Doutor López Suárez e que ten como obxectivo potenciar o deporte na sociedade. O percorrido foi de case sete quilómetros e arrancou dende a casa consistorial ata Cotá pasando polo Dolme da Moruxosa e polo Camiño Real.



EXCURSIÓN. Un grupo de maiores do Concello de Friol participou nunha excursión para o disfrute dos seus veciños e veciñas de maior idade. A viaxe comezou diante da casa do Concello ás 8:30 para visitar as zonas de Caión, Malpica, Cambre e Ares. A totalidade dos custes e a organización da viaxe foron con cargo a fondos propios do Concello.

Comezan as obras de rehabilitación do CPI



A Consellería de Educación acaba de iniciar as obras do proxecto de rehabilitación e illamento dun dos edificios do Centro Público Integrado Dr. López Suárez de Friol.

A empresa adjudicataria do proxecto trátase de Illamentos Hondigo S.L, a execución das obras está previsto que finalicen no mes de novembro. Unha das actuacións que levarán a cabo será a mellora de eficiencia enerxética mediante substitución de xanelas, illamento das fachadas con sistema de illamento térmico polo exterior e substitución de luminarias por equipos LED.

O alcalde destacou a importancia deste proxecto, “dado que era a

parte do único edificio que quedase sen rehabilitar no anterior proxecto executado pola Xunta fai uns catro anos, onde a través da Consellería de Educación investiu case un millón de euros”.

“Satisfeito e agradecido á Xunta de Galicia pola sensibilidade que ten sempre coas demandas do Concello de Friol, dado que a rehabilitación desta fachada era unha necesidade evidente e que beneficiará dunha maneira moi importante ao colexio público de Friol e por suposto aos nenos e nenas que se forman e realizan labores educativos nas devanditas instalacións”, conclúe o mandatario.

Friol será o primeiro municipio no que se repetirán as rutas guiadas do GDR

O GDR-4 e os concellos do xeodestino Comarca de Lugo e as Terras da Ulloa (Antas de Ulla, Castroverde, O Corgo, Friol, Guntín, Monterroso, Outeiro de Rei, Palas de Rei, O Páramo e Rábade) repetirán este ano as camiñadas turísticas que se estrearon o ano pasado e que se celebran co apoio de Turismo de Galicia e a dirección de Guido Guía.

Celébrase esta segunda edición avalada polo éxito do primeiro ciclo, que tivo un promedio de 127 asistentes por xornada. Friol será nesta ocasión o primeiro dos lugares onde se retomen estas rutas o 26 de outubro, sábado. Como no resto das xornadas será unha actividade gratuíta e terá como punto de arranque e final do paseo guiado a Praza Andón Cebreiro. O horario previsto é de 11.00 a 14.00 horas.

A maiores do paseo está previsto facer un xantar que contará cun menú especial con produtos da comarca, deseñado e ofrecido pola Taberna de Friol (reservando no teléfono).

Este proxecto enmárcase nunha estratexia global do Xeodestino e o GDR-4, xunto a Guido Álvarez Parga.

María José Gómez supervisa as obras en infraestruturas rurais

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, acompañada polo alcalde de Castro de Rei, Francisco Balado, visitou os traballos de mellora de infraestruturas rurais deste concello lucense, para os que se destinaron preto de 270.000 euros a través das axudas para a rehabilitación de camiños de zonas de concentración parcelarias e do Plan Marco. Cómpre salientar que no conxunto da comarca da Terra Chá, na que se atopa Castro de Rei, a Consellería do Medio Rural destina máis de 1,3 millóns de euros entre ambas as dúas convocatorias de achegas.

Nesta visita, María José Gómez puxo en valor as achegas destinadas para a mellora de camiños en concellos con zonas de concentración parcelarias rematadas, convocadas por primeira vez neste ano. No caso concreto deste concello, sinalou, estas axudas supoñen un investimento de máis de 188.000 euros destinados ás tres parcelarias coas que conta.

A maiores, a conselleira explicou que destas axudas beneficianse un total de 38 concellos galegos, con actuacións en máis de 150 camiños ao longo de máis de 160 quilómetros. Para iso, cóntase cun investimento



total de arredor de 5,1 millóns de euros.

O obxectivo destas actuacións, explicou, é o mantemento e acondicionamento das infraestruturas rurais, ao mesmo tempo que se mellora a capacidade portante dos camiños das redes de concentración ou reestruturación parcelaria que están rematadas, garantindo o tránsito de vehículos e maquinaria.

PLAN MARCO. A conselleira aproveitou esta visita para avanzar tamén os traballos realizados ao abeiro do Plan Marco na actual convocatoria 2024-2025, na que neste concello

se destinan case 80.000 euros na mellora de camiños de titularidade municipal.

A actual convocatoria do Plan Marco supón un investimento de preto de 19,5 millóns de euros destinados para a mellora de camiños rurais e acceso a parcelas agrícolas nos 313 concellos de Galicia, unha cantidade un 16 % superior fronte á anterior. Ademais, durante o período 2016-2023 concedéronse 121 millóns de euros para o citado plan, o que permitiu actuar en case 5.500 camiños e preto de 4.300 quilómetros de vías rurais.

Mozos manexadores impuxéronse nun concurso internacional

A deputada Iria Castro recibiu no Pazo de San Marcos as rapazas e rapaces do Club de Xóvenes Gandeiros, premiados no certame internacional de manexo de gando Young Breeders School que se celebrou do 28 de agosto ao 1 de setembro en Bélxica.

Trátase de María e Andrea Otero, da granxa Fontixón, de Castro de Rei, Alba López, da Gandería Quintián, do Páramo, Xabier Montes, de Rodeiro, e Simón Blanco, do Val do Dubra.

A responsable provincial sinalou a necesidade de valorar este tipo de recoñecementos. “É importante que presumades do premio, e que presumades tamén do traballo como gandeiras e gandeiros para animar o relevo xeneracional”, explicou a deputada que lembrou a importancia do sector leiteiro na provincia de Lugo, que produce o 40 por cento do leite de Galiza.

Do equipo premiado formou parte tamén Lorena Iglesia, da SAT Rey de Miñotel, da Pastoriza, que non puido acudir ao acto.

Nesta edición do YBS participaron un



total de 180 mozos gandeiros procedentes de todo o mundo, agrupados en 29 equipos. O conxunto español, organizado polo Clube de Xóvenes Gandeiros e a Federación Frisoa Galega, coa colaboración de Clun, acadou un fito sen precedentes, ao obter o primeiro posto na clasificación por países, superando a Suíza, que quedou en segundo lugar, e a Polonia, que ocupou o terceiro.

O equipo que representou a España conseguiu o primeiro posto na clasificación por países, superando a 28 equipos de todo o mundo. María Otero, Xabier Montes e Alba López brillaron nos postos máis altos das

súas seccións e na clasificación xeral. Simón Blanco destacou na súa categoría e alzouse coa segunda mellor puntuación de Europa no exame de morfoloxía, e Andrea Otero e Lorena Iglesia tamén fixeron excelentes actuacións nas súas seccións, acadando uns boísimos resultados.

Durante varios días, os participantes deberon superara probas, desde preparar xatas, pelalas e domalas, ata crear un posto que representase a Galicia baixo a temática do Camiño de Santiago, que incluíu unha representación da Catedral, un vídeo de presentación do equipo e folletos informativos.

Veciñanza e BNG concentráronse polo peche do consultorio



O Bloque Nacionalista Galego en Castro de Rei, coa concelleira Olga García á cabeza, e co apoio da Deputada Provincial, Iria Castro; volveu concentrarse coa veciñanza das parroquias afectadas polo peche do consultorio de Castro de Rei.

O consultorio de Castro de Rei leva todo o verán pechado e a veciñanza das parroquias afectadas teñen que desprazarse ata Castro Riberas de Lea para ter atención médica: “A veciñanza das parroquias afectadas xa están cansas de que o PP os ningunee, o servizo médico precísase durante todo o ano”, declara Olga García.

A concelleira subliñou que “é intolerable que as veciñas e veciños deste concello non contemos con servizos sanitarios dignos, supón unha vulneración flagrante dos dereitos fundamentais da veciñanza afectada pois impede o seu acceso

á sanidade pública e afonda nunha maior desigualdade da poboación de concellos rurais” e incidiu en que “o peche deste consultorio é unha decisión política, decisión da cal o goberno municipal é cómplice” pois non se esta tendo en conta que a veciñanza de Castro de Rei ten que desprazarse 20 km ata o centro de Castro de Riberas de Lea o cal tamén esta con servizos baixo mínimos”.

O BNG de Castro de Rei xa presentou unha moción no pleno municipal para instar ao alcalde a que se posicionara de lado da veciñanza e esixise á Xunta de Galicia a apertura deste centro, esta moción ía acompañada de 200 sinaturas recollidas polas parroquias afectadas. “O grupo municipal do PP votou en contra desta moción, polo que está claro de parte de quen está Balado e a súa equipa”, denuncia a concelleira nacionalista.

A comisión das patronais avanza o programa das festas do próximo ano

O municipio de Castroverde xa está a traballar nas patronais do vindeiro ano que celebrarán os días 23, 24, 25 e 26 de xullo. Dende a comisión, que leva organizando a cita dende o 2018, adiantan que nas súas festas na honra ao Santiago Apóstolo do 2025 contarán cun amplo programa no que estarán as orquestras Satélites, Finisterre e D’Cano.

Ademais, tamén teñen entre as confirmadas polo momento a Olympus, Combo Dominicano e Mekánika Rolling Band, que repite un ano máis. Agradecen deste xeito a axuda a veciños, empresas e institución e espe-

ran que o programa, que aínda non desvelaron na súa totalidade, sexa de agrado para veciños e visitantes e cumpra de novo as expectativas da xente.

Na última edición das patronais contaron coa actuación de grandes formación como La Misión, La Fórmula ou Estelamar, grupos como Grupo Extra e sesión de DJ con Hermo Discoteca e Cosmedejay e Pedro Brmudzj. Tamén organizaron uns cantos de taberna que estiveron protagonizados por Trasdalomba, Toxo Queimado, Ariños do Neira e Os do 13.

A Deputación aproba novos investimentos para accións no cárcere

A Xunta de Goberno da Deputación de Lugo aprobou este venres novos investimentos por un importe conxunto de 30.000 euros para que as entidades asociativas e os concellos da provincia poidan desenvolver proxectos e actuacións que beneficien á veciñanza. Así o informou a Voceira Socialista do Goberno, Pilar García Porto. García Porto concretou que “acordamos destinar á Asociación Penitenciaria Concepción Arenal unha achega económica de 23.900 euros para desenvolver o proxecto Entre a pel e a cultura: programa de intervención afectivo-sexual. Unha iniciativa que vai dirixida a persoas que se atopan cumprindo penas privativas de liberdade nos centros penitenciarios de Bonxe e Monterroso”.

Esta programación aborda a perspectiva afectivo-sexual das relacións de parella e trata coas persoas participantes cuestións como a desinformación, as carencias afectivas, a falta de autoestima, a instrumentalización das relacións

sexuais ou os estereotipos que se atopan neste eido, entre outros aspectos. Trátase dunha programación personalizada que se desenvolve a través dun amplo equipo profesional composto por unha psicóloga forense, unha criminóloga e unha traballadora social -entre outros especialistas- e que realizan unha intervención individualizada, familiar, grupal e de xeito flexible.

O proxecto inclúe un taller de educación afectivo-sexual que se desenvolve durante 20 sesións grupais, actividades de mediación e terapia de parella e un servizo de desprazamento aos centros penais para favorecer a execución do programa.

Na súa intervención, a deputada lembrou que “o obxectivo principal desta iniciativa é abordar cos internos e internas coñecementos relacionados coa sexualidade e a afectividade; a prevención de embarazos non desexados; ou a importancia de protexerse contra enfermidades de transmisión sexual”.

O PSOE denuncia “opacidade” na xestión da nova piscina municipal

O grupo municipal socialista de Outeiro de Rei denuncia a falta de transparencia do Concello ao non sacar a licitación pública a explotación da cafetería da piscina municipal, a pesar de saber desde hai meses que este verán a nova piscina estaría en funcionamento. A súa voceira, Carmen Acacio, alerta de que “esta situación é inadmisíbel e supón un grave prexuízo tanto para os posibles interesados como para os hostaleiros do municipio”.

Segundo informan os socialistas, o Concello asinou un convenio con unha persoa para a explotación da cafetería sen ningún proceso de concurso ou licitación, permitindo que esta persoa explote o negocio a custo cero. Acacio explica que “esta decisión, non só priva ao resto de cidadáns de Outeiro de Rei da posibilidade de optar a este servizo a través dun proceso público e transparente, senón que tamén crea unha situación de competencia desleal para o resto dos negocios de hostalería do municipio”.

Desde o grupo socialista subliñan



que a xestión da cafetería debería terse realizado mediante un proceso de licitación pública aberto, tal e como debe facer unha administración pública. “É inxustificable que o Concello, sabendo desde hai meses que a piscina abriría este verán, non tomara as medidas necesarias para garantir unha xestión adecuada e xusta deste servizo. En lugar diso, optaron por unha adjudicación directa sen custo para o concesionario, o que resulta escandaloso”, afirman. Esta situación non só prexudica aos

veciños interesados en participar nunha licitación transparente, senón que tamén afecta directamente aos hostaleiros de Outeiro de Rei, que ven como se lles impón unha competencia desleal. “Non se pode consentir que un negocio municipal sexa cedido gratuitamente sen ningún tipo de control ou fiscalización. Esta falta de rigor vai en contra dos intereses da veciñanza e dos hostaleiros, que pagan impostos e teñen que competir en condicións xustas”, engaden.



176 ciclistas participaron en setembro no primeiro gran premio do concello

A localidade acolleu o primeiro Gran Premio de Ciclismo de Outeiro de Rei, reunindo a un total de 176 mozos ciclistas de entre 5 e 16 anos. A proba, que comezou ás 15:30 na Praza do Concello, percorreu un circuíto urbano de 2,2 km, deseñado para poñer a proba as habilidades e resistencia dos participantes.

Equipos ciclistas procedentes de toda a comunidade galega acudiron ao evento, que destacou polo seu alto nivel de competición e o entusiasmo tanto dos corredores como do público. Ao longo da tarde, as

rúas de Outeiro de Rei enchéronse de familias e afeccionados ao ciclismo, no que foi unha xornada deportiva marcada polo bo ambiente.

A pesar de que a choiva fixo acto de presenza na última parte do evento, nin os participantes nin os espectadores deixáronse desanimar. A competencia continuou con normalidade, e o público mantivo o seu apoio constante aos ciclistas. Tanto os corredores como os asistentes valoraron moi positivamente a experiencia, destacando a boa organización e a emocionante xornada deportiva.

Portomarín contará a partir deste mes cunha nova edición das escolas deportivas

O Concello de Portomarín organiza un novo curso das Escolas Deportivas, dirixidas a nenos e nenas de 3 a 17 anos. As actividades realizaranse como en anos anteriores no Pavillón Municipal e darán comezo o 16 de outubro.

Entre as disciplinas ofrecidas están o fútbol sala e o bádminton, con horarios distribuídos entre os mércores e os venres. Os mércores celebraranse clases de fútbol sala para diferentes categorías, desde biberón ata cadete, ademais de clases de bádminton para as categorías alevín e infantil. Pola súa parte, os venres reservaranse para fútbol sala.

A participación será gratuíta para os empadroados, mentres que para os non empadroados o custo será de 10 euros ao mes por actividade. Esta iniciativa conta co apoio de programas como “Corresponsables”, así como co respaldo da Xunta de Galicia, o Goberno de España e o Ministerio de Igualdade.

O PSOE di que o alcalde ignora a situación do servizo de auga

O grupo socialista denuncia a preocupante situación que presenta a calidade da auga subministrada, así como a resposta “totalmente inadecuada e desinformada” por parte do alcalde tras un escrito presentado polos socialistas no Rexistro Municipal no que lle preguntaban polo estado da auga.

O voceiro do PSdeG en Portomarín, Marcos Arias, detalla que logo de solicitar explicacións sobre o estado da auga mediante o procedemento oficial, o alcalde contestou que consultásemos as análíticas dispoñibles no Sistema de Información Nacional de Augas de Consumo (SINAC). “Pero a nosa sorpresa é que a última analítica rexistrada nesa plataforma data do 20 de maio, o que deixa en evidencia a falta de actualización e transparencia sobre un asunto de vital importancia para a saúde e o benestar da veciñanza”.

Diante desta situación, o Partido Socialista decidiu encargar unha análise independente da calidade da auga, cuxos resultados amosan unha realidade preocupante: os parámetros da auga están alterados, e esta non é apta nin para o consumo humano nin para realizar as tarefas cotiás nos domicilios, como cociñar ou lavar.

“Resulta inadmisíbel que, tras un escrito oficial, o alcalde responda con evasivas e sen ofrecer información actualizada ou solucións áxiles para un problema que afecta directamente a toda a poboación. Preguntámonos en que localidade vive o alcalde, dado que parece alleo á realidade que sofren os veciños e veciñas de Portomarín”, manifesta Arias. Esixe accións inmediatas para garantir a subministración de auga potable e segura, ademais da actualización constante das análíticas a través das canles oficiais.

O TSXG suspende cautelarmente 2 parques en Guntín e Portomarín

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (TSXG) acordou a suspensión cautelar de sete parques eólicos -Serra de Liñares, Serra da Piñeira, Parraño Oeste, San Cristovo, Neboada, Monteagudo e Suime- e rexeitou a medida cautelar solicitada respecto a outros dous proxectos -Picato e Solpor-. Ata hoxe, o alto tribunal galego emitiu un total de 130 autos relativos a solicitudes de suspensión de autorizacións administrativas previas e de construción de 64 parques eólicos, dos cales 59 foron suspendidos.

A sección terceira da Sala do Contencioso-administrativo do alto tribunal galego entende acreditado nos sete autos que a execución dos proxectos podería ocasionar danos irreversibles a valores ambientais sensibles. Ademais, nas resolucións indica que se probou que as instalacións poderían afectar a especies vulnerables ou en perigo de extinción que están comprendidas nas cuadrículas nas que se pretenden instalar os parques eólicos e que conforman hábitats de interese comunitario, os cales están recollidos na Declaración

Ambiental Estratéxica do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Por iso, considera acreditado o periculum in mora, que forma parte da esencia da medida cautelar, pois con el téntase asegurar que a futura sentenza se poida levar á práctica de modo útil, o que non se conseguiría no caso de que se produciran situacións irreversibles. Nos autos, os maxistrados tamén realizan unha ponderación dos intereses en conflito e decretan que a protección do medio ambiente ha de prevalecer en sede cautelar. Así, lembran que a ponderación favorable de intereses económicos é “extremadamente excepcional, só admisible cando compromete de forma esencial a economía da nación ou produce un dano particularmente intenso”.

En canto ao parque de San Cristovo, situado nos concellos de Monterroso, Portomarín e Taboada, os xuíces advirten que “a afección visual e paisaxística se prevé severa e permanente no tempo, eliminando a funcionalidade paisaxística do Miradoiro Alto de San Cristovo”, dado

a proximidade á que se localizarían algúns dos aerogeradores.

Na resolución relativa ao parque eólico Picato, situado nos concellos de Guntín e Lugo, o TSXG rexeita a medida ao entender que a parte solicitante non concretou que valores ambientais poderían verse afectados pola súa construción, do mesmo xeito que sucede no caso do parque eólico Solpor, situado entre os concellos de Ordes e Mesía (A Coruña). A Sala, no auto relativo ao proxecto denominado Solpor, tamén rexeita a solicitude de suspensión da autorización administrativa previa e autorización administrativa de construción das instalacións. O tribunal explica que a asociación demandante “non conseguiu acreditar indiciariamente a existencia dun dano de carácter irreversible ou de difícil reparación que xustifique a adopción da medida cautelar, na medida en que a alegación da presenza de especies vulnerables non apareceu minimamente xeolocalizada, e o dano por ruído non se xustificou que superase claramente os limiares determinados legalmente”.

O edil condenado por explotación laboral presenta a súa dimisión

O concelleiro de Guntín, José Vázquez Barreiro, presentou un escrito no rexistro municipal no que comunica a súa renuncia á acta de concelleiro polo Partido Popular e ás obrigas derivadas da súa condición de membro do goberno local.

José Vázquez Barreiro comunicou no mesmo momento ao alcalde, Ángel Pérez, a súa decisión adoptada de forma voluntaria e coa

convicción de que “é o mellor” para non danar a imaxe do Concello, nin do goberno municipal, nin do Partido Popular.

A ese respecto, tamén solicitará a suspensión da militancia no Partido Popular.

Nin a dirección do PP local nin provincial coñecían previamente os feitos nin a situación do ata agora concelleiro que vén de tomar esta decisión de forma persoal.



portomarín

A ANPA protestou polos recortes de profesorado no colexio local

As nais e pais do CEIP Virxe da Luz de Portomarín, acompañados de veciños do Concello, concentráronse diante do albergue de peregrinos da Xunta de Galicia cortando o acceso ao mesmo durante preto dunha hora co obxectivo de dar visibilidade ás protestas que se levan realizando desde o mes de agosto polo recorte de profesorado no centro e para trasladarlle a mensaxe á Xunta de Galicia de que “mirar polo Camiño si pero tamén polos veciños”.

Como consecuencia da protesta, os peregrinos tiveron que esperar para entrar no albergue pero entenderon e apoiaron as demandas da ANPA. Esta protesta enmárcase nas reivindicacións que está a realizar a ANPA de Portomarín debido a que neste curso 2024/2025, a pesar de ter un incremento de matrícula, a Consellería de Educación vén de quitarlle un profesor ao centro ao non cubrir a vacante da especialista de inglés; agrupándose o alumnado de Primaria de tres cursos: 1º, 2º e 3º nunha



clase; e 4º, 5º e 6º noutra.

Dende a ANPA do CEIP Virxe da Luz de Portomarín, sinala a súa presidenta Soraya González, “seguiremos loitando para revertir un recorte que é inxusto, inxustificable e incumpre os propios acordos asinados pola Consellería de Educación e publicados no Diario Oficial de Galicia”.

Deste xeito, as nais e pais aseguran que neste curso 2024/2025, o CEIP Virxe da Luz de Portomarín ten un alumno máis na Primaria, polo tanto as condicións en canto ao alumnado

non empeoraron senón que melloraron, polo que non pode xustificarse o recorte de profesorado. E por outro lado, engaden, o recorte é consecuencia de non cubrir a vacante dun profesor que corresponde ao CEIP de Portomarín, ao igual que o especialista de Educación Física e Infantil, nos que os seus titulares non ocupan a súas respectivas prazas e si son cubertas por persoal interino. Polo tanto é unha praza que igual que as demais do centro debe ser cuberta.

Melloran a contorna da igrexa de Guntín

O Concello de Guntín continúa a súa aposta por mellorar a vila. Deste xeito, o Goberno local renovou a contorna da igrexa da vila. Ademais, seguen a traballar nos distintos camiños de titularidade municipal. Nas últimas semanas melloraron os asfaltados nas pistas do núcleo de Vilamerelle.

Estas obras súmanse ás actuacións levadas a cabo nas pistas de Nogueiras, na Horta, en Arriba de Ferro, nos accesos a Fontaos e no asfaltado e na canalización no núcleo de Constante, nestes días traballaron na mellora do acceso ao núcleo de Fontao, na parroquia de Zolle.

Presentado o libro gañador do premio Condado de Pallares

Taboada acolleu a presentación do libro *A arquitectura bieita do Condado de Pallares: Os mosteiros femininos desaparecidos* de Alberta Lorenzo Aspres, premiada na XVI edición do Certame de Investigación Condado de Pallares, convocado pola Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares coa colaboración da Vicepresidencia da Deputación. Alberta Lorenzo Aspres – doutora en Arquitectura e directora da plataforma

virtual Proxecto ARG: Arquitectura rehabilitadas de Galicia – analiza neste estudo as características arquitectónicas dos desaparecidos mosteiros bieitos femininos do antigo Condado de Pallares: os de San Xoán da Cova e Santao Estevo de Chouzán, en Carballedo; o de Santa María de Xián, en Taboada, o de Santa María de Pesqueiras, en Chantada, o de San Salvador de Portomarín e o de Santa María de Mosteiro, en Guntín.

Os Cinco Ríos continúa a apostar polo mercado

A Asociación Os Cinco Ríos do Corgo, coa colaboración do Concello, continúa a organizar o mercado e rastro de cousas usadas do municipio. A vindeira cita terá lugar o domingo 6 de outubro ao lado da Cámara Agraria e unha vez máis farán un sorteo sorpresa entre todos os asistentes repartindo rifas de balde. O programa comezará ás 10.00 horas coa apertura do mercado. Haberá postos de vendedores ambulantes e tamén de polbo para poder quedar a comer no lugar. Ademais, calquera particular tamén poderá vender no mercado. As persoas interesadas en levar algo para vender deberán inscribirse nos teléfonos 636 584 282 e no 686 65 657.

Convocada un ano máis a carreira popular para o 26

O Concello do Corgo programa a XV Carreira Popular Concello do Corgo-Memorial Quique Casanova para o sábado 26 de outubro. A iniciativa terá saída e meta nas instalacións da praia fluvial do río Chamoso da vila. A proba está aberta a tódolos atletas, federados ou non, e consta dun circuito de 10.5 quilómetros sobre terra na súa maioría.

A inscrición farase a través da páxina de Championchipnorte e os dereitos de inscrición no caso dos menores serán de balde, mentres que na carreira de adultos terá un custe de 5 euros ata o 12 de outubro; e dende o 13 ata o 22 de outubro o custe será de 10 euros. Os dorsais retiraranse o venres 25 pola tarde na tenda At-



mosfera Sport A Chaira, na rúa Salvador de Madariaga, e o día da proba pola tarde na zona habilitada pola organización na zona de saída, ata 45 minutos antes da saída da proba.



O PP reclama o arranxo das estradas provinciais do municipio do Corgo

Os deputados do Grupo Provincial Popular seguen a realizar as súas xuntanzas periódicas de traballo, nesta ocasión no concello do Corgo, reunión na que tamén participou o alcalde desta localidade, Felipe Labrada.

O voceiro provincial popular, Antonio Ameijide, explica que “puidemos comprobar xunto ao alcalde como a Deputación, ao igual que no resto da provincia, non mantén as súas estradas ao seu paso por este municipio, provocando situacións de perigo para os condutores”.

De igual modo, lamentaron o abandono ao que teñen sometido o Paseo do Miño no Corgo, “sobre todo dende a zona do Chamoso”, que é o punto no que comeza neste municipio. “É unha mágoa que unha zona verde creada hai tantos anos por un

gobierno do PP e que é empregada a diario por centos de lucenses estea abandonada á súa sorte, chea de maleza, co camiño sen coidar e cos accesos en condicións máis que mellorables”, lamentou.

Os deputados populares enmarcaron esta xuntanza de traballo dentro das reunións programadas por toda a provincia, “unha política de deslocalizar as reunións de traballo e así poder valorizar a riqueza da provincia”.

“Seguimos a demostrar que se pode apostar polo trato igualitario na provincia, aproveitando ademais para convidar ás mesmas aos alcaldes e voceiros da zona para coñecer máis de preto as necesidades de cada zona e comprobar os deberes pendentes do goberno provincial cos veciños de cada municipio”, explicou.

A Legua Dereita reinicia as aulas

A Asociación Cultural A Legua Dereita do Corgo lanza os cursos do ciclo 2024-2025 cunha atractiva e variada oferta para os vindeiros meses. Ademais, ofrecen un mes de proba gratuito para novos alumnos e alumnas. Esta oportunidade permitirá a aqueles interesados en música e danza tradicional galega experimentar as actividades antes de formalizar a súa inscrición.

Entre as clases ofertadas destacan baile infantil, os sábados de 16.30

a 17.15; canto e pandeireta infantil, os sábados de 17.15 a 18.00; baile para adultos iniciación, os venres de 20.00 a 20.45; percusión para adultos iniciación, os venres de 20.45 a 21.45; gaita (iniciación para adultos e nenos), os venres de 19.00 a 20.00; acordeón, os xoves de 20.30 a 22.00 e iniciación aos cantos de taberna, os sábados de 19.30 a 20.15.

Ademais, tamén se imparten clases do nivel avanzado GMBT (Grupos de Música e Baile Tradicional) para bai-

le; os mércores de 19.30 a 21.00; gaita, os sábados de 16.00 a 17.00; percusión, os sábados de 17.00 a 18.00 e canto e pandeireta, os sábados de 18.00 a 19.30. Os interesados poden solicitar máis información ou inscribirse a través do teléfono 659 779 462 ou da páxina de Facebook oficial da asociación, “Legua Dereita”. Esta oferta pretende fomentar a participación en actividades culturais locais e promover a tradición musical galega entre todas as idades.

Convocan talleres para maiores, de memoria e de teatro

Coa chegada do outono o Concello de Rábade oferta dous talleres para maiores completamente gratuítos.

Dun lado, un taller de memoria que se vai celebrar os luns pola tarde no Centro Sociocultural en dúas tandas, ás 16:30 horas e ás 19:00 horas.

Por outra banda, un taller de teatro que se impartirá os xoves en horario de mañá, de 11.00 a 13.00 horas, tamén no Centro Sociocultural.

Os maiores interesados en anotarse nalgunha destas actividades poden facelo no Departamento de Servizo Sociais do Concello. Son actividades dirixidas aos maiores, pero se algunha outra persoa está interesada pode solicitalo.

O taller de memoria dará comezo o 7 de outubro e o taller de teatro o 17 de outubro.

Abre un novo prazo para solicitar as axudas para escolares do Concello

O Concello volve ofrecer este ano as axudas polo inicio do curso escolar, para as que establece como prazo de presentación ata o 11 de outubro. Ten establecida esta liña de axudas económicas para cubrir os gastos derivados da compra de libros de texto e material escolar, roupa e calzado para este curso 2024-25, para o ensino obrigatorio e infantil, que non cubran as axudas autonómicas.

Os requisitos para poder solicitar estas axudas son estar empadroados no Concello con anterioridade a tres meses, ter un menor cursando algún destes estudos nalgún dos

dous centros de Rábade e non superar os 6.000 euros de renda per cápita (7.500 no caso de familias monoparentais).

O Concello aclara que non se poden solicitar as axudas para os libros que xa financia a Xunta de Galicia pero si para os que non sexan financiados e tamén para material escolar, roupa e calzado.

A documentación pertinente (libro de familia, declaración da renda, xustificantes económicos, e de pago de vivenda) teñen que presentarse xunto á solicitude antes do 2 de outubro nas oficinas municipais.

Os populares urxen ao Goberno a ampliación do polígono industrial

O PP lucense insta ao Goberno de España a poñer en marcha as medidas necesarias para ampliar o polígono industrial de Rábade, ofrecendo novas parcelas de solo dispoñible e acometer un novo acceso a esta infraestrutura dende a estrada N-VI.

Os senadores José Manuel Barreiro, José Manuel Balseiro e Juan Serrano anunciaron que levarán esta iniciativa á Comisión de Vivenda e Axenda Urbana da Cámara Alta tras manter unha reunión cos representantes da asociación de empresarios do polígono de Rábade na que tamén participou a alcaldesa, Remedios González.

Promovido e xestionado pola Entidad Solo Empresarial do Atlántico (SEA), participada maioritariamente polo Ministerio de Vivienda y Agenda Urbana do Goberno de España,

a través de Sepes (a Entidad Estatal de Suelo), o polígono industrial de Rábade é “unha referencia na provincia” favorecido pola “localización céntrica, estratéxica e ben conectada” que, ademais, “foi capaz de atraer unha ampla variedade de empresas e negocios que xeran riqueza e emprego no municipio”, subliñan.

Na actualidade, hai empresas interesadas en adquirir solo industrial, pero “non hai oferta de parcelas dispoñibles suficientes para facer fronte á demanda; polo que sería imprescindible acometer unha ampliación” que suporía, ademais, “un revulsivo de cara ao futuro próximo desta localidade”. Para “atraer a máis empresariado, é necesario dispoñer da maior área posible para poder levar a cabo unha actuación viable”.

DEPUTACIÓN

O Pleno reclamará á Xunta que resolva a falta de profesorado

A Deputación esixiralle á Xunta que resolva a falta de profesorado e recupere a gratuidade dos libros de texto neste curso escolar que vén de comezar. Así se acordou no Pleno ordinario do mes de setembro tras a proposta de Goberno, que foi aprobada cos votos a favor do PSdeG, do BNG e coa abstención do PP.

Explicou a voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, que un ano máis, “como vén sendo costume dende o 2009” o inicio do curso académico en Galicia revela a distancia que medra entre a actitude “triumfalista” da Xunta e as carencias que denuncian as familias, os mestres e a comunidade educativa. “A Xunta ofertaba nas últimas oposicións 1.512 prazas de novos profesores, pero só cubriu 1.256. As 256 prazas non cubertas eran un capricho administrativo? Non obedecían a necesidades reais? Non hai entón unha falla de profesores?”, preguntou no Pleno García Porto.

“Dicir que a educación infantil é de balde é un xeito de agochar a falta de prazas públicas en escolas infantís”, denunciou García Porto. A Xunta asegura que coas 32.000 prazas dispoñibles, sumando a oferta pública e privada, está escolarizado o 56,4 % dos nenos entre 0 e 3 anos. “Se as cifras que ofrece a Xunta son fiables, a aplicación dunha simple regra de tres revela que farían falla máis de 25.000 prazas en escolas infantís para atender ao cento por cento da poboación infantil e as necesidades de conciliación das familias”, engadiu. Reprochou tamén que non se pode falar de gratuidade na educación primaria e na ESO cando unha



familia continúa a gastar de media uns 600 euros de media en libros e material escolar cando arranca o curso.

Unhas carencias que, segundo explicaba García Porto, afectan gravemente á provincia de Lugo e especialmente aos concellos do rural.

O texto da proposta aprobada reclama tamén que se garanta a presenza dos profesores de apoio para todos os nenos e nenas con necesidades educativas especiais, que se cumpran as ratios de alumnos por aula pactados cos sindicatos e que se presente un plan para incrementar as prazas de educación infantil ata garantir a plena escolarización nesa franxa de idade.

Medidas para evitar a suba do canon de recollida de lixo

O Pleno tamén sacou adiante outra moción do PSdeG para reclamar á Xunta de Galicia que tome medidas para evitar a suba da taxa de tratamento de lixo aos concellos. A iniciativa saíu adiante cos votos a favor dos socialistas, do BNG e cos votos en contra do PP.

Co acordo adoptado no Pleno, a institución provincial esixe, por unha parte manter o canon establecido aos concellos galegos de 66 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada; manter a anterior bonificación do 15% deste canon unitario; que se reparta a contía de 12,1 millóns de euros en concepto de Fondo Ambiental entre todos os concellos galegos; que se achegue a Sogama a cantidade total recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a co-incineración de residuos para implementar bonificación no canon dos concellos; incrementar as subvencións aos concellos para implementar medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos; que se constituía unha comisión de traballo entre Sogama, as Consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a Fegamp para determinar as condicións do canon para o ano 2025; e ampliar as plantas de biorresiduos existentes como estaba previsto no Plan de Xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022.

Escollidos os gañadores dos Premios de Turismo e Gastronomía



A reunión do Consello Provincial de Turismo deu a coñecer os sextos Premios á Excelencia de Turismo nas categorías de Lugo Cambia ao Turismo Lucense, e, ...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense, e ao Turismo Sostible. Uns premios instaurados por este órgano participativo e consultivo que creou a institución provincial.

Na categoría Lugo Cambia ao Turismo Lucense o xurado distinguiu A Ruta dos Lobos da Fonsagrada e a Mina Consuelo e Boulloso da Pontenova; na de ...E para comer, Lugo á gastronomía lucense premiouse á Festa da Cereixa, do Viño e do Aceite de Ribas de Sil, e a Feira do Capón de Vilalba; e na de Turismo Sostible cun único premio foi concedido ao Barco Museo Reina del Carmen de Burela, e outorgouse un accésit á Mostra Exposición de Muimenta (Moexmu).

“Estes galardóns, instaurados por este órgano participativo e con-

sultivo que creou a institución provincial, representan un merecido recoñecemento ao traballo e á traxectoria exemplar de empresas, persoas, institucións ou entidades no ámbito do turismo e a gastronomía da provincia”, explicou Pilar García Porto.

A decisión adoptada polo Consello Provincial de Turismo debe ser agora aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, como órgano competente para a resolución da convocatoria dos distintivos, e posteriormente publicárase no Boletín Oficial da Provincia (BOP). Os premiados recibirán a súa distinción nun acto que celebrará a institución provincial o vindeiro 27 de setembro, con motivo do Día Mundial do Turismo.

O xurado estivo formado por 18 persoas que forman o Consello de Turismo, vinculadas a este sector e coa presenza de representantes dos tres grupos políticos da Corporación provincial.

Firman un convenio para impulsar a investigación tecnolóxica

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou un convenio de colaboración co reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Antonio López Díaz, mediante o cal a institución provincial achega a esta entidade un total de 9.500€. Trátase dun acordo entre a Deputación, a USC, Caixa Rural Galega e a Confederación de Empresarios de Lugo (CEL) para promover actividades de investigación tecnolóxica, favorecer a difusión no medio económico e social e impulsar a súa dinamización a nivel interno entre a propia comunidade universitaria.

As iniciativas que se inclúen nesta colaboración e que se desenvolven a través do Campus de Lugo van dirixidas a dar a coñecer entre o profesorado da Universidade os proxectos e as convocatorias de I+D+i realizadas por distintos organismos e entidades a nivel autonómico, estatal e internacional. Nesta actuación inclúese tamén o apoio, mediante persoal técnico, na elaboración de propostas das distintas convocatorias. Así mesmo, tamén se introduce a captación de recursos e proxectos para diferentes áreas e a difusión dos resultados

dos proxectos e actividades de I+D+i do Campus de Lugo nos medios de comunicación, o que favorecerá a transferencia de coñecemento ao conxunto da sociedade.

O orzamento total deste convenio ascende ata os 62.800 euros, dos cales Caixa Rural Galega achega un total de 50.000, a Universidade 3.300 e a institución provincial a contía restante -9.500-.

No acto de sinatura, o mandatario provincial recordou que a Deputación mantén unha colaboración activa coa Universidade de Santiago de Compostela.

ASOPORCEL



A Área do Medio Rural da Vicepresidencia reforzará a colaboración con Asoporcel para colaborar no financiamento das iniciativas de promoción do consumo de carne desta raza autóctona que a asociación de criadores desenvolverá coincidindo co 25 aniversario. Daniel García mantivo un encontro de traballo con representantes da entidade, na que se acordou unha colaboración excepcional de 12.000 euros e na que se puxo en relevo o traballo desenvolvido pola entidade na recuperación da raza e na promoción dos seus produtos nas feiras e mercados de proximidade como un referente de calidade.

DEPORTES

A Xunta de accionistas do CD Lugo votará a absorción do Polvorín

De conformidade co disposto na vixente Lei e nos Estatutos Sociais, o Consello de Administración acordou convocar unha Xunta Xeral Extraordinaria de accionistas que se celebrará nas oficinas administrativas do Club, situadas na venida da Fábrica da Luz, o día 21 de outubro de 2024 ás 19:00 horas en primeira convocatoria, e para o día seguinte, 22 de outubro de 2024, á mesma hora, en segunda convocatoria, para deliberar e decidir sobre os asuntos comprendidos na orde do día.

O primeiro punto será aprobar a fusión por absorción do Polvorín FC

(club absorbido) por parte do Club Deportivo Lugo SAD (club absorbente) e, polo tanto, a integración deste na estrutura do Club Deportivo Lugo.

O segundo punto tratará sobre aprobar a autorización e delegación de facultades ao consello de administración para a interpretación, corrección, complemento e execución e desenvolvemento dos acordos que se adopten en xunta xeral, así como para substituír as facultades que se reciban da Xunta Xeral e concesión de facultades para a elevación de instrumentos público de tales acordos.

O Club Fluvial gañou na sexta e última regata da Copa Deputación

O Club Fluvial de Lugo logrou o primeiro posto na sexta e última regata da Copa Deputación de Piragüismo, que se celebrou no encoro de Vilasouto, no Incio.

O Cidade de Lugo, organizador da regata, quedou segundo, e o Altruán de Ribadeo, terceiro, que completaron o podio por equipos da proba na participación de máis 200 padexeiros de diferentes categorías desde prebenxamín ata xuvenil dos seis clubs de augas tranquilas da provincia: Club Kayak de Foz, do CP Urban Hotel Viveiro, CP Altruán de Ribadeo, CP San Ciprián, Club Fluvial de Lugo e Cidade de Lugo.

Ademais do trofeo da regata, o Club Fluvial de Lugo ratifícase como campión da competición provincial, na que se suman os puntos colleitados polos equipos nas seis regatas, seguido de CP Altruán e Cidade de Lugo.



A competición, impulsada pola Vicepresidencia da Deputación de Lugo e a Federación Galega de Piragüismo, ofrece aos clubs de augas tranquilas da provincia a posibilidade de participar en competicións federadas nas súas comarcas, contribuíndo así á consolidación de equipos de base.

Cada regata é organizada por un

club, facilitando así que a actividade deportiva pero tamén económica e social que xeran as probas. Precisamente a última regata da liga provincial celebrouse na xornada en que un dos seus participantes habituais, o padexeiro xuvenil de Cidade de Lugo, Víctor Devesa, se proclamou campión do mundo de maratón en Metkovic (Croacia).

EN BREVE



BALONCESTO. A veciñanza e algunhas autoridades acompañaron en Lugo ao CB Breogán no acto organizado para presentar aos seguidores o equipo e o corpo técnico do club, así como a nova camiseta que lucirán os xogadores nos partidos da Liga Endesa. O acto contou con actividades diferentes e xogos os que participaron nenos e adultos, unha xornada despois de que Tito Díaz fixera un balance da primeira parte da pretempada.



JORGE PRADO. O lugués Jorge Prado logrou proclamarse Campión do Mundo de MXGP por segundo ano consecutivo e cuarto da súa carreira na que foi a vitoria número 11 da tempada. Prado pecha o ciclo con tres triunfos na casa: Madrid, Lugo e Cózar. O piloto de Gasgas chegou a estar a 40 puntos do líder pero carreira a carreira foi sumando para conseguir na última proba o título e facer historia. Dominou de principio a fin a proba e cruzou a meta en primeiro lugar.



O campo de béisbol do Ceao foi escenario do XIV Torneo de San Froilán

O campo de béisbol do Ceao acolleu o tradicional partido de familias do club de béisbol Lume, no que a rapazada do equipo se enfrontou a un animado grupo de familiares, principalmente pais e nais. Esta xornada de convivencia deportiva contou coa participación dunha vintena de familias, que gozaron dun día cheo de diversión e béisbol. Por outra banda, o club de béisbol Lume prepara xa a XIV edición do torneo de San Froilán, que se celebrará o vindeiro 5 de outubro.

A competición arrancará pola mañá ás 11.00 horas cun partido de sóftbol entre veteranos, onde o equipo de Lugo, formado por antigos xogadores do club Lume e do Helios, se enfrontará ao equipo de Venezuela, composto polos xogadores do Caci-

ques de Lugo. Xa pola tarde, ás 16.00 horas, será a quenda das categorías inferiores do Lume. Os equipos Lume Black e Lume Red protagonizarán un emocionante encontro no que os máis pequenos amosarán todo o aprendido. Este evento, que se enmarca nas celebracións do San Froilán, converterase nunha festa do béisbol e sóftbol para todos os afeccionados locais.

RUGBY. Durante o sábado, 5 de outubro, celebrarase en Lugo a XXII edición do Trofeo San Froilán de Rugby no Estadio Gregorio Pérez Rivera. O evento, organizado polo Muralla RC, contará cunha xornada completa de rugby na que se disputarán varios encontros con equipos das categorías inferiores e sénior.

Os estudantes poderán coñecer as experiencias de grandes deportistas

A Fundación Breogán, en colaboración coa Xunta de Galicia, presentou a terceira edición do ciclo Luz ó Deporte, un programa que busca chegar as experiencias de destacados deportistas a estudantes de centros educativos.

O ciclo comezou o 30 de setembro, coa intervención do psicólogo deportivo Joaquín Dosil, que abordou a importancia da psicoloxía para mellorar o rendemento tanto deportivo como persoal.

Outros deportistas destacados que participarán nas seguintes sesións son as xogadoras de voleibol Jessica e Lucy Akamere, que intervirán o 21 de outubro; o capitán do Lugo Sala, Miguel Muñoz, que ofrecerá a súa charla o 18 de novembro; e o boxeador Enmanuel Reyes Pla, que pechará o ciclo o 16 de decembro.

As xornadas están especialmente dirixidas a mozos e mozas adolescentes, pero tamén están abertas ao público en xeral ata completar aforo. Arias destacou a importancia destas charlas, afirmando que os deportistas poderán ofrecer aos asistentes "experiencias útiles que lles axuden no seu desenvolvemento persoal". As sesións celebraranse ás 12:00 horas no salón de actos da Delegación da Xunta en Lugo.

COLABORACIÓN

A necesidade dunha/dun enfermeiro escolar

O PUPITRE



Julio Díaz

De todas/os é sabido que a saúde escolar debe velar polo benestar integral da comunidade educativa, fortalecendo condutas de autocoidado e hábitos saudables a través da promoción, prevención e investigación en saúde. Recabados datos na nosa comunidade autónoma, a día de hoxe dispoñemos, nos centros públicos galegos, dunha quincena de profesionais da enfermería que resultan a todas luces insuficientes e fan que a figura do enfermeir@ escolar sexa un profesional teste-

muñal nos nosos centros educativos.

Nas últimas décadas, en España, produciuse un importante cambio nas estruturas social e familiar e como consecuencia, tamén educativa. Os nenos incorpóranse á escola a idades moi temperás, o que fai que se detecten antes as necesidades educativas actuais. A sociedade actual presenta cada vez unha maior porcentaxe de alumnos que asisten aos nosos centros educativos con trastornos do desenvolvemento, patoloxías ou situacións sanitarias específicas, agudas ou crónicas.

É por iso que a necesidade dun profesional da sanidade integrado no ámbito educativo é de vital importancia. A enfermeir@ escolar defínese como o profesional

de enfermaría que desempeña o seu labor no ámbito escolar, prestando atención e cuidados da saúde nos centros educativos. A presenza da enfermeir@ escolar nos centros educativos galegos é fundamental para ofrecer unha boa educación na saúde dos mozos, ofrecéndolles as pautas e ferramentas necesarias para evitar hábitos como a drogadicción, o tabaquismo ou trastornos alimentarios, entre outros. A inclusión dunha enfermeir@ escolar nos cadros de persoal dos centros educativos supón unha inversión na saúde futura dos nosos rapaces, e favorece a tranquilidade e seguridade dos pais/nais que saben que os seus fillos están en mans de profesionais sanitarios cualificados que poden atende-

los ante calquera imprevisto. De igual maneira, o profesional de enfermaría pode desenvolver un papel fundamental como axente mediador entre os pais/nais e o profesorado do centro educativo de cara a mellorar os hábitos de saúde dos nosos alumnos, dándolles a coñecer a mellor maneira de coidarse eles mesmos e os demais. A figura dunha enfermeira ou enfermeiro no centro escolar evita que o profesorado teña que asumir responsabilidades para as que

non ten competencias, nin formación específica aportándolle seguridade, evitando que o persoal docente teña que facerse cargo dalgúns cuidados e actuacións en situacións de urxencia.

Concluir que á enfermeir@ escolar nos nosos centros educativos garantiría tranquilidade e beneficios á comunidade, non só mediante actividades de prevención ou asistenciais, senón tamén mediante estratexias de educación para a saúde.

O fume veu do Sur

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

A campaña de verán rematou e aínda que non se pode dicir moi alto polo que poda pasar nos vindeiros días dun outono do que descoñecemos que climatoloxía poderá traer, o certo é que os incendios forestais no conxunto de Galicia nestes últimos meses foron de pouca envergadura. Sempre doe ese monte que foi arrasado polas lapas, desta vez en municipios de Pontevedra e Ourense, como Pontearreas, Cea ou San Cibrao das Viñas, pero a dicir verdade, a superficie queimada, insistimos no desacougo que produce, non foi excesiva. Sorprende que en abril deste ano o número de hectáreas fose bastante superior ao do verán, segundo datos

da consellería correspondente. Na provincia de Lugo e concretamente na Terra Chá, habendo algún episodio incendiario, desta libramos.

Pero no ceo galego contemplamos como o fume viña do Sur, alén do Miño, desde Portugal, quen sufriu novamente unha vaga de lumes en diversas zonas do seu territorio. A consecuencia dos mesmos, o que ardeu sería unha extensión que abrangería os concellos de Vilalba, Guitiriz e Cospeito, ou incluso máis, e o que resulta infinitamente máis grave, varias persoas morreron, entre elas tres bombeiros. Foron uns días terribles en áreas do centro e norte do país veciño; vivendas, bosques, animais e outras propiedades foron vítimas destes despiadados incendios aos que costou extinguir. As autoridades lusas víronse na obriga de declarar a situación de "calamidade". O acontecido lembraba o

dramatismo vivido en xuño de dous mil dezasete, en Pedrôgao Grande, con máis de sesenta mortos, devorados polo lume. Despois daquela desgraza, unha imaxe converteuse en viral, cando o propio Presidente da República, Rabelo de Sousa, arrincaba eucaliptos coas súas propias mans, de traxe e garavata, todo hai que dicilo. Simultaneamente, o goberno decretaba a prohibición de plantar esa especie en zonas queimadas.

En Galicia, os cargos responsables de Medio Rural non disimulan a satisfacción pola baixa incidencia dos incendios no presente ano, máis ben habería que dicir que mostran alivio. Porque semella que son as condicións climatolóxicas as que determinarán cada ano o que arde ou non. É dicir, unha cuestión de sorte; cruzamos os dedos e a ver, xa que as medidas implementadas non parecen de abondo á hora de loitar contra esta lacra

O RECUNCHO DE CANELINA



estrutural que padecemos. Un par de semanas con temperaturas excesivamente altas, con vento e escasa humidade, incluso en inverno, e a ameza está aí. Existen normativas onde se obriga a limpar as fincas de arredor das vivendas e que marcan as distancias das plantacións, pero na realidade comprobamos que en moitas ocasións non se cumpren eses mandatos. E por último, recoñécese que a inmensa maioría dos incendios teñen un

carácter intencionado, estando a man do home detrás. Mais as detencións deses pirómanos son anecdóticas e descoñecemos, ou canto menos, non están claras as motivacións daquelas persoas que prenden o misto, se actúan en solitario, se existen tramas organizadas. Incógnitas que non se despexan. E mentres, miraremos o ceo agardando que se está gris, que sexa porque ven a choiva.


DE RUTA EN RUTA

Pol: Ruta da Fraga de Romeor

Dá comezo na localidade de Rioxoán para percorrer 18 quilómetros de paisaxes cambiantes declarados Reserva da Biosfera

A ruta da Fraga de Romeor é de 18 quilómetros de lonxitude e unha duración aproximada de catro horas, apta tamén para cicloturismo. No ano 2002, máis de trescentas mil hectáreas da provincia de Lugo, encadradas na conca alta do Miño e unha pequena proporción da súa conca media, así como os seus bordos montañosos, foron declaradas pola Unesco Reserva da Biosfera.

Nunha paisaxe sempre cambiante onde os usos agrícolas foron compatibles coa conservación do medio, destacan os ecosistemas asociados á superficie de zonas húmidas, tanto de montaña como vinculados a chairas como a da Terra Chá. Esta reserva da Biosfera abarca varios municipios entre os que se atopa o concello de Pol e con esta ruta da Fraga de Romeor poderemos coñecer un pouco máis este espazo natural da provincia de Lugo. A ruta dá comezo no pobo de Rioxoán, máis concretamente na súa área recreativa. Nos primeiros momentos desta ruta camiñaremos entre terreos de cultivo para a continuación adentrarnos en montes nos que poderemos observar principalmente piñeiros que son moi



DATOS



4 horas



18 quilómetros



Dificultade baixa

frondosos na zona do val. Continuaremos o noso camiño en dirección a Orán coñecendo o seu monte e observando a fermosa paisaxe que o rodea. Na parte final deste tramo chegaremos a un dos puntos máis altos da ruta, un miradoiro situado a máis de 800 metros de altitude e dende onde

poderemos ver os concellos de Baleira e Ribeira de Piquín. Dende este punto a ruta segue por un cortalumes en dirección ao Alto da Cima de Valiña e quedando o monte Susá á nosa dereita e a Serra de Paradela á nosa esquerda. Continuando o camiño atoparemos dous novos mira-

doiros. No primeiro poderemos apreciar o Breñal de Murúa e no segundo a frondosidade da Fraga da Marronda, incluída na Rede Natura 2000 e que conta cunha mestura de carballos, faias e castiñeiros. Regresaremos ao momento inicial entre piñeirais adultos e de repo-

boación polos montes de Susá e Valonga ata chegar á estrada LU-750 e á zona peonil que nos levará a área recreativa na que iniciamos a ruta. Ao longo de todo o camiño atoparemos carteis de dirección así como paneis informativos sobre a flora e a fauna da contorna desta ruta do concello de Pol.



3.777,00 €
2.899,00 €

*Últimas unidades a este precio cómpralo agora y págalo en 12 meses sin intereses

TRACTOR CUB CADET LT2 NR92

Motor: Cub Cadet OHV - 439 cc. Potencia: 15 HP.
Ancho de corte: 92 cm. Tracción: Hidrostático.
Capacidade recogedor: 240 l.
Ajuste altura de corte: 5 posicións



MILLAVEN

AGRICOLA-JARDIN-OCIO



MOTOSIERRA HUSQVARNA 120 MARK II

Motor: Husqvarna 38,2 cm³ - 1,4 kW.
Ancho de hoja: 35 cm.
Velocidade cadena: 3/8 BP-1,3 mm.
Peso: 4,85 kg.

1,4 kW 438,2 cm³ 35 cm 3/8 BP-1,3 mm 4,85 kg



FINANCIACIÓN**
12 PAGUE EN MESES SIN INTERESES

Ctra. de Santiago Km.3 (Salida Ctra. de Friol) - 27233 - Lugo
Telf.: 982 046 047 - info@millaven.com - www.millaven.com